



**MEMORIA ECONÓMICA**

**2018**

---

**INFORME DE XESTIÓN**

Informe sobre a xestión dos recursos  
económicos

## Índice

PRESENTACIÓN .....	2
1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO .....	6
1.1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS.....	7
1.1.1. COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS .....	7
1.1.2. INGRESOS DE EXERCICIOS ANTERIORES .....	15
1.2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS .....	16
1.2.1. COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS .....	16
1.2.3. PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE 2018 .....	22
1.2.4. GASTOS DE EXERCICIOS PECHADOS .....	23
1.3. RESULTADOS ORZAMENTARIOS .....	24
1.3.1. ESTADO DA TESOURARÍA .....	24
1.3.2. ESTADO DO REMANENTE DE TESOURARÍA.....	25
1.3.3. RESULTADOS .....	25
2. XESTIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS .....	28
2.1. COMENTARIOS PARTICULARES AOS INGRESOS DE CADA CAPÍTULO.....	29
2.1. COMENTARIOS PARTICULARES SOBRE OS GASTOS DE CADA CAPÍTULO.....	42
3. ACTIVIDADE DE I+D+i .....	52
3.1. RECURSOS CAPTADOS POR ACTIVIDADES DE I+D .....	53
4. CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA .....	56
4.1 INTRODUCIÓN .....	57
4.2 EXPEDIENTES LICITADOS NO EXERCICIO 2018 .....	61
4.3 VOLUMES TOTAIS DE LICITACIÓN E CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA.....	69
4.4 FACTURACIÓN IGUAL OU SUPERIOR A 15.000 EUROS.....	70
5. INVENTARIO DE BENS MOBLES E INMOBLES .....	71
5.1 INTRODUCIÓN .....	72
5.2 VALORES EN INVENTARIO .....	72

5.3 RELACIÓN VALORADA DO INVENTARIO DE BENS INMOBLES .....	80
<b>6. ANEXOS .....</b>	<b>87</b>
Anexo 1: Gastos executados polos centros con cargo aos seus créditos.....	88
Anexo 2: Gastos executados polos departamentos .....	89
Anexo 3: Gastos executados institutos universitarios .....	91
Anexo 4: Gastos executados en centros singulares .....	91
Anexo 5: Operacións de gasto en I+D+i por centro orgánico.....	92
Anexo 6: Operacións de gasto en I+D+i por tipo de actividade.....	93
Anexo 7: Compoñentes estruturais dos gastos correntes da USC .....	95

## PRESENTACIÓN

A Memoria Económica da USC 2018 inclúe como documentos diferenciados a *Conta Anual*, co contido que establece o Plan xeral de contabilidade pública 2010 (PXCP 2010); e o *Informe sobre a xestión dos recursos económicos*, elaborado conforme ao contido establecido nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Os Estatutos da USC establecen (artigo 176) que a xestión económica e financeira da Universidade de Santiago de Compostela, no marco constituído pola programación plurianual e polo orzamento, reflectirase nas contas anuais.

Segundo o artigo 177, as contas anuais comprenden o balance, a conta de resultado económico patrimonial, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo, o estado de liquidación do orzamento e a memoria. Estes documentos forman unha unidade e debe redactarse con claridade e mostrar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, do resultado económico patrimonial e da execución do orzamento da Universidade de conformidade co PXCP. A Universidade de Santiago de Compostela poderá, adicionalmente, presentar un informe sobre a xestión dos recursos económicos. A estes efectos, o artigo 178 dos Estatutos establece que:

*“A memoria económica anual conterá necesariamente:*

- a) A liquidación definitiva do orzamento, a conta de resultados e o balance de situación.*
- b) A información dos expedientes de contratación administrativa xestionados no exercicio.*
- c) Un informe sobre a valoración e a evolución do inventario de bens móbiles e inmóbiles.*
- d) Un informe polo miúdo sobre a xestión dos recursos económicos.*
- e) A demais información e documentación esixida pola normativa vixente sobre contabilidade pública.”*

O citado Plan xeral de contabilidade pública, aprobado pola Orde EHA/1037/2010, de 13 de abril, é de aplicación obligatoria para as entidades integrantes do sector público administrativo estatal a partir de 2011, e nel establecese que os documentos que integran as contas anuais son:

- Balance de situación
- Conta de resultado económico patrimonial
- Estado de cambios no patrimonio neto
- Estado de fluxos de efectivo
- Estado de liquidación do orzamento
- Memoria

O PXCP 2010 establece a obrigatoriedade de incluír nas contas anuais do sector público información sobre indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios (punto 24 da

memoria) así como o custo das actividades e indicadores de xestión (punto 25 e 26 da memoria), que serán obligatorios a partir das contas do ano 2013.

Tendo en conta o anterior, a presente Memoria Económica da USC 2018 inclúe:

1. Contas anuais 2018
2. Informe sobre a xestión dos recursos económico 2018

O primeiro dos documentos, as Contas Anuais 2018 inclúe:

- Balance de situación
- Conta de resultado económico patrimonial
- Estado de cambios no patrimonio neto, constituído por tres estados:
  - Estado total de cambios no patrimonio neto
  - Estado de ingresos e gastos recoñecidos
  - Estado de operacións coa entidade ou entidades propietarias
- Estado de fluxos de efectivo e Estado da tesourería
- Estado de liquidación do orzamento
  - Liquidación do orzamento de gastos
  - Liquidación do orzamento de ingresos
  - Resultado de operacións comerciais
  - Resultado orzamentario
- Memoria.

En relación ao Balance de Situación (A) obsérvase que o Patrimonio neto da USC ascende a 370,07 millóns de euros e no Estado de Cambios no Patrimonio Neto (C) proporcionase un maior grao de detalle para comprender as variacións experimentadas no dito patrimonio neto. As débedas con entidades de crédito a longo prazo ascenden a 16,87 millóns de euros. En relación ao activo, por un importe total 478,23 millóns de euros, diferenciase en corrente e non corrente. O importe do activo non corrente ascende a 426,98 millóns de euros e o activo corrente a 51,24 millóns de euros.

Na Conta de Resultado Económico Patrimonial (B) obsérvase que o total de ingresos de xestión ordinaria ascende a 249,66 millóns de euros e os gastos de xestión ordinaria a 243,65 millóns de euros, o que motiva, xunto co deterioro de valor e outras partidas non ordinarias, que o resultado das operacións non financeiras sexa de 6,53 millóns de euros, o resultado das operacións financeiras negativo en 0,48 millóns de euros, e o resultado neto do exercicio ascende a 6,04 millóns de euros.

O Estado de Fluxos de Efectivo (D) informa sobre a orixe e destino dos movementos habidos nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes, e indica a variación neta sufrida polas mesmas no exercicio. O Estado de Tesourería, é dicir, as existencias bancarias, presenta a 31 de decembro de 2018 un saldo 3,08 millóns de euros e o Fluxo Neto de Tesourería, entendido como a diferenza entre o total de cobros e pagos do exercicio, é positivo en 3,76 millóns de euros.

O Estado de Liquidación do Orzamento (E), comprende a liquidación do Orzamento de gastos, no que as obrigas recoñecidas netas ascenden a 246,56 millóns de euros (que inclúen operacións financeiras por 4,39 millóns de euros), e a liquidación do Orzamento de ingresos da entidade, no que o importe dos dereitos recoñecidos netos ascenden a 248,33 millóns de euros, sendo o Resultado orzamentario positivo en 1,77 millóns de euros.

euros, que logo dos axustes necesarios por desviacións de financiamento deriva nun resultado orzamentario axustado negativo en 1,14 millóns de euros composto polos parciais:

1. Resultado orzamentario de operacións non financeiras: -2,36 millóns de euros
2. Resultado orzamentario de operacións financeiras: 4,14 millóns de euros
3. Axustes necesarios por desviacións positivas e negativas do exercicio: -2,92 millóns de euros

O Estado do Remanente de Tesouraría (apartado E.V) inclúe información sobre execución dos ingresos públicos, ascendendo os saldos pendentes de cobro do orzamento corrente a 34,32 millóns de euros e os saldos pendentes de cobro de orzamentos pechados 5,24millóns de euros.

A Memoria (F) completa, amplía e comenta a información contida nos outros documentos que integran as contas anuais e estrutúrase en 30 apartados, entre os que se atopan os seguintes:

- organización e actividade
- bases de presentación das contas
- normas sobre inmobilizado non financeiro
- activos financeiros
- pasivos financeiros
- transferencias e subvencións
- provisións e continxencias
- información sobre medio ambiente
- presentación por actividade da conta de resultado económico patrimonial
- operacións non orzamentarias de tesourería
- contratación administrativa. procedementos de adxudicación
- valores recibidos en depósito
- información orzamentaria
- indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios
- información sobre o custo das actividades e indicadores de xestión
- estado de fluxos de efectivo

O segundo dos documentos que integran a información económica do exercicio 2018, é o Informe sobre a xestión dos recursos económicos, que se estrutura en seis partes, así como diversos anexos específicos:

1. Liquidación do orzamento 2018
  2. Xestión de recursos económicos
  3. Actividades de I+D+i
  4. Contratación administrativa
  5. Inventario de bens móbiles e inmóveis
- Anexos: execución orzamentaria

Na primeira parte, *Liquidación do orzamento*, diferénciase a liquidación do orzamento de ingresos, liquidación do orzamento de gastos e resultados orzamentarios, e contén comentarios xerais sobre estes bloques.

Inclúese tamén información sobre o estado da tesourería, o estado do remanente de tesourería e os resultados (xa comentados nas contas anuais). O importe total do remanente de tesourería ascendeu a 32,35 millóns de euros que se incorporou na súa totalidade ao exercicio 2019.

Na segunda parte, *Xestión de recursos económicos*, preséntase a evolución do crédito e da execución orzamentaria durante os últimos anos así como a evolución dos principais capítulos (persoal, gastos en subministracións, limpeza, seguridade, posgrao, bibliotecas...), e fanse diversos comentarios sobre os aspectos más salientables. A esta parte corresponde o anexo sobre execución orzamentaria

A terceira parte, *Actividades de I+D+i*, singularízase por vez primeira neste informe, e ofrece datos sobre a evolución dos recursos económicos captados nos últimos anos, así como unha agrupación por tipo de actividade e procedencia dos ingresos referidos ás actividades vixentes no exercicio.

Na cuarta parte, *Contratación administrativa*, inclúense os datos dos expedientes de contratación xestionados no exercicio, diferenciados en función do procedemento empregado e do importe dos contratos, e diferenciando obras, servizos, subministracións. O importe total das licitacións ascendeu a 8,41 millóns de euros, e o importe de adxudicación foi de 7,70 millóns de euros, o que supuxo un aforro de 0,72 millóns de euros; promediando as porcentaxes de baixa, obtense un 8,53% no conxunto dos contratos. O número de expedientes de contratación foi de 65 fronte aos 54 do exercicio anterior.

A quinta parte inclúe o inventario de bens inmobles e de bens móbiles titularidade da USC, coa valoración correspondente.

Todos os documentos citados constitúen a Memoria Económica, e ofrecen o resumo da situación económico financeira da USC no ano 2018.

## **1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO**

## 1.1. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

### 1.1.1. COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS

O orzamento de ingresos do exercicio 2018 da USC líquidase cuns dereitos recoñecidos por un importe de 248,34 millóns de euros. En termos absolutos, esta cifra supón 5,61 millóns de euros máis que no exercicio anterior (total en 2017: 242,73 millóns), o que equivale a un incremento do 2,31%.

Cadro 1. Liquidación do orzamento de ingresos

<i>Capítulo</i>	<i>Orzamento inicial</i>	<i>Orzamento definitivo</i>	<i>Dereitos recoñecidos</i>	<i>Ingresado</i>	<i>Pendente de ingreso</i>	<i>Dereitos recoñecidos menos orzamento definitivo</i>
III. Prezos públicos e outros ingresos	34.967.870,00	37.703.093,54	38.203.708,64	28.806.603,76	9.397.104,88	500.615,10
IV. Transferencias correntes	134.663.401,00	139.977.088,67	140.123.525,83	139.740.471,56	383.054,27	146.437,16
V. Ingresos Patrimoniais	383.357,00	583.595,55	650.471,51	477.430,86	173.040,65	66.875,96
<b>Ingresos correntes</b>	<b>170.014.628,00</b>	<b>178.263.777,76</b>	<b>178.977.705,98</b>	<b>169.024.506,18</b>	<b>9.953.199,80</b>	<b>713.928,22</b>
VI. Alleamento de investimentos reais	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
VII. Transferencias de capital	56.649.959,00	66.143.376,00	60.824.958,03	36.788.710,08	24.036.247,95	-5.318.417,97
<b>Ingresos de capital</b>	<b>56.649.959,00</b>	<b>66.143.376,00</b>	<b>60.824.958,03</b>	<b>36.788.710,08</b>	<b>24.036.247,95</b>	<b>-5.318.417,97</b>
<b>Ingresos non financeiros</b>	<b>226.664.587,00</b>	<b>244.407.153,76</b>	<b>239.802.664,01</b>	<b>205.813.216,26</b>	<b>33.989.447,75</b>	<b>-4.604.489,75</b>
VIII. Variación activos financeiros	0,00	31.200.734,95	0,00	0,00	0,00	0,00
IX. Variación de pasivos financeiros	5.900.000,00	5.900.000,00	8.534.961,79	8.196.107,70	338.854,09	2.634.961,79
<b>Ingresos financeiros</b>	<b>5.900.000,00</b>	<b>37.100.734,95</b>	<b>8.534.961,79</b>	<b>8.196.107,70</b>	<b>338.854,09</b>	<b>2.634.961,79</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>232.564.587,00</b>	<b>281.507.888,71</b>	<b>248.337.625,80</b>	<b>214.009.323,96</b>	<b>34.328.301,84</b>	<b>-1.969.527,96</b>

As cifras de ingresos orzamentarios ofrécese ordinariamente a nivel de “dereitos recoñecidos”, é dicir, aquelas contías sobre as cales a USC ostenta un dereito á súa percepción avalado por documentos ou actos con validez xurídica (resolucións, liquidacións, facturas emitidas, etc). A recadación material dos ingresos recoñecidos pode producirse no propio exercicio ou en exercicios futuros.

As previsións iniciais de ingresos incrementáronse por operacións de financiamento acadado durante o exercicio en 16,03 millóns de euros, o que significa en termos

porcentuais o 6,89% respecto ás previsións iniciais. Para o cálculo das cifras anteriores descóntanse os aumentos de previsións derivados do financiamento co remanente de tesourería do ano 2017 (31,20 millóns de euros) e da facturación interna (1,71 millóns de euros).

Analizamos a continuación, de xeito breve e a nivel de capítulo, as grandes diferenzas entre as previsións orzamentarias e os dereitos recoñecidos, antes de entrar a unha valoración polo miúdo da situación de cada partida.

### **Capítulo III. Prezos públicos e outros ingresos:**

As partidas que conforman este capítulo, como veremos, son heteroxéneas, e resulta necesario detallalas para explicar as diferenzas entre as previsións iniciais (34,97 millóns) as definitivas (37,70) e os dereitos recoñecidos (38,20).

Por outro lado, para analizar a evolución da partida haberá que diferenciar os ingresos “non estruturais” que se produciron nos exercicios 2016 e 2017.

Ademais do indicado, as magnitudes son moi semellantes ás de 2017, cunha diminución global nos dereitos recoñecidos de 0,35 millóns de euros.

### **Capítulo IV. Transferencias correntes:**

Os dereitos recoñecidos por transferencias correntes (140,12 millóns) son moi semellantes ás previsións orzamentarias definitivas (139,98 millóns). No conxunto do capítulo, os dereitos recoñecidos son inferiores aos de 2017 en 0,55 millóns.

### **Capítulo V. Ingresos patrimoniais:**

No conxunto do capítulo a cifra de dereitos recoñecidos é sensiblemente inferior á de 2017, dado que neste último ano contabilizáronse os xuros favorables á USC polas devolucións da diferenza no IVE soportado en exercicios anteriores. Descontando esa cifra, os dereitos recoñecidos mantéñense nunha modesta liña ascendente, a pesar da práctica desaparición dos ingresos por xuros bancarios.

A diferenza tan notable entre as previsións iniciais e os dereitos recoñecidos, en liña co sucedido en anos anteriores, é debida á mecánica seguida na USC para o tratamento dos ingresos por cesión de espazos, que se trasladan mediante xeración de crédito ás partidas dos centros. Tratarase de modificar esta práctica nos vindeiros exercicios para simplificar a xestión.

## **Capítulo VI. Alleamento de investimentos reais**

En 2018 non se produciu ningún ingreso por este capítulo. A contía pendente derivada do contratado de compravenda do antigo Hospital de Galeras, subscrito coa sociedade “Asteriscos Real State,S.L.U”, está previsto que se materialice no exercicio 2019 .

## **Capítulo VII. Transferencias de capital:**

Os dereitos liquidados por transferencias de capital foron inferiores ás previsións definitivas en 5,32 millóns de euros, aínda que supuxeron un incremento do 11 % sobre o exercicio anterior.

## **Capítulo VIII. Variación de activos financeiros:**

Neste capítulo inclúense os créditos non obligados a 31/12/17 incorporados ao orzamento de 2018 e que correspondían a compromisos adquiridos ou ben a financiamento específico de actividades (créditos para bolsas Erasmus e outros programas de internacionalización, actividades de investigación, reunións científicas, cursos de posgrao, etc). Proveñen, xa que logo, de dereitos liquidados en anos anteriores e non xeren ingresos no exercicio 2018.

## **Capítulo IX. Variación de pasivos financeiros:**

Neste capítulo recóllese os anticipos concedidos a conta de fondos FEDER pola Axencia Estatal de Investigación (antes proviñan do Ministerio de Economía e Competitividade), para o financiamento de proxectos e infraestruturas de investigación, logo da resolución das respectivas convocatorias competitivas.

Estes ingresos teñen dúas características que cómpre destacar. En primeiro lugar, é o organismo finanziador quen determina a “forma” do financiamento (antícpio ou subvención) en función das súas dispoñibilidades orzamentarias. De aí que, para certos efectos comparativos, este tipo de ingresos e os do capítulo VII se poidan considerar no mesmo bloque. En segundo lugar, unha vez que o organismo finanziador obtén os retornos da autoridade FEDER – logo da xustificación – estes anticipos son transformados en subvención nas universidades; é dicir, desaparece a débeda e increméntase a subvención. Dado que estas operacións se realizan sen entrada nin saída de fondos (en formalización), hai que telas en conta para non considerar incrementos de financiamento que non son reais.

Unha vez presentadas as notas xerais por capítulo orzamentario, resulta importante mencionar que a cifra de dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/18 é de 34,33 millóns de euros, que representa o 13,82 % de todos os dereitos recoñecidos (14,12 % no ano anterior).

Por outra parte, a recadación en 2018 de dereitos liquidados en exercicios anteriores ascendeu a un total de 37,24 millóns de euros.

## Informe de xestión 2018

---

No seguinte cadro pode verse a evolución dos dereitos recoñecidos dende o ano 2015 así como as variacións sufridas neste últimos anos.

**Cadro 2. Dereitos recoñecidos 2015 - 2018**

<i>Capítulo</i>	<i>Dereitos recoñecidos 2015</i>	<i>Dereitos recoñecidos 2016</i>	<i>Dereitos recoñecidos 2017</i>	<i>Dereitos recoñecidos 2018</i>	<i>% capítulo sobre total dereitos 2018</i>	<i>% variación s/2017</i>
III. Prezos públicos e outros ingresos	38.302.793,37	42.012.720,09	38.556.564,41	38.203.708,64	15,38%	-0,92%
IV. Transferencias correntes	139.865.185,38	139.031.135,42	140.674.582,16	140.123.525,83	56,42%	-0,39%
V. Ingresos patrimoniais	587.789,57	638.835,76	1.728.495,52	650.471,51	0,26%	-62,37%
VI. Alleamento de investimentos reais	0,00	0,00	6.116.268,50	0,00	0,00%	-100,00%
VII. Transferencias de capital	53.755.866,38	69.740.837,07	54.771.541,51	60.824.958,03	24,49%	11,05%
VIII. Variación activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%	0,00%
IX. Variación de pasivos financeiros	10.651.535,38	4.715.610,95	879.481,94	8.534.961,79	3,44%	870,45%
<b>TOTAIS</b>	<b>243.163.170,08</b>	<b>256.139.139,29</b>	<b>242.726.934,04</b>	<b>248.337.625,80</b>	<b>100,00%</b>	<b>2,31%</b>

No cadro 3 figuran as porcentaxes que cada fonte de financiamento representa sobre o conxunto dos ingresos da USC no período 2013-2018.


**Cadro 3. Porcentaxe de financiamento por capítulos, 2013 - 2018**

<i>Cap</i>	<i>Capítulo</i>	<i>2013</i>	<i>2014</i>	<i>2015</i>	<i>2016</i>	<i>2017</i>	<i>2018</i>
III	Prezos públicos e outros ingresos	17,22	16,54	15,75	16,40	15,88	15,38
IV	Transferencias correntes	59,85	60,94	57,52	54,28	57,96	56,42
V	Ingresos patrimoniais	0,18	0,28	0,24	0,25	0,71	0,26
VI	Alleamento de investimentos reais	0,00	0,00	0,00	0,00	2,52	0,00
VII	Transferencias de capital	19,65	21,08	22,11	27,23	22,57	24,49
VIII	Variación de activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
IX	Variación de pasivos financeiros	3,10	1,16	4,38	1,84	0,36	3,44

O importe das “transferencias correntes” representa no período analizado a maior fonte de recursos situándose no promedio do 57,82% dos recursos totais pero significando neste último ano o 56,42%. En segundo lugar figuran as transferencias de capital que inclúen o financiamento por proxectos, infraestruturas de investigación e obras, en terceiro lugar os “prezos públicos e outros ingresos” (matrículas e prestación servizos investigación, etc.) e, por último, excluíndo operacións financeiras, unha pequena participación dos ingresos derivados da rendibilización do patrimonio (capítulo V).

Se excluímos os capítulos V (pola escasa relevancia), VI (por tratarse de ingresos esporádicos) e VIII, faise evidente o peso cada vez menor dos ingresos procedentes de transferencias correntes e de prezos públicos. Estes datos serán tratados con más profundidade máis adiante.

Gráfico1. Porcentaxe de financiamento por capítulos, 2013 - 2018



Nas páxinas que seguen (cadro 4) amósase o detalle, diferenciando entre ingresos afectados e non afectados, segundo a metodoloxía utilizada na presentación do orzamento de 2018:

## Informe de xestión 2018

Cadro 4. Dereitos recoñecidos fronte a orzamento inicial de ingresos

Código económico	Denominación	Orzamento ingresos non afectados	Orzamento ingresos afectados	ORZAMENTO TOTAL	Dereitos recoñecidos non afectados	Dereitos recoñecidos afectados	DEREITOS RECOÑECIDOS TOTAIS	Desviación con respecto ao orzamento non afectado
310	Prezos públicos de matrícula	18.800.000,00		18.800.000,00	17.537.396,63		17.537.396,63	-1.262.603,37
31100	Prezos centro linguas modernas	350.000,00		350.000,00	233.264,50	142.326,36	375.590,86	-116.735,50
31106	Matricula cuarto ciclo	30.000,00		30.000,00	42.372,92		42.372,92	12.372,92
311xx	Outros cursos	0,00	0,00	0,00	87.623,04	82.478,90	170.101,94	87.623,04
312	Matrícula cursos de posgrao	258.157,00	1.462.893,00	1.721.050,00	310.583,37	1.322.134,10	1.632.717,47	52.426,37
318	Outros estudos	32.700,00		32.700,00	6.565,15	35.836,85	42.402,00	-26.134,85
320	Dereitos de inscrición en oposicións e concursos	8.400,00		8.400,00	33.822,13	0,00	33.822,13	25.422,13
321	Congresos, etc.	52.100,00	295.200,00	347.300,00	41.795,48	236.841,05	278.636,53	-10.304,52
322	Dereitos aloxamento servizo universitario de residencias	2.250.000,00		2.250.000,00	2.354.612,80	3.295,21	2.357.908,01	104.612,80
323	Servicios prestados por investigación	1.500.000,00	7.600.000,00	9.100.000,00	1.665.564,51	9.167.006,24	10.832.570,75	165.564,51
324	Servizos docencia	98.000,00		98.000,00	61.607,61	139.658,10	201.265,71	-36.392,39
328	Atencións clínicas	135.000,00	765.000,00	900.000,00	122.749,80	695.582,11	818.331,91	-12.250,20
32900	Escola Infantil Breogán	115.000,00		115.000,00	133.796,18	0,00	133.796,18	18.796,18
32901	Cotas uso instalacións deportivas	525.000,00		525.000,00	542.886,87	50.867,78	593.754,65	17.886,87
32907	Entradas Museo Historia Natural	36.000,00		36.000,00	41.119,47	0,00	41.119,47	5.119,47
329XX	Outros ingresos				67.478,37	73.311,51	140.789,88	67.478,37
33000	Vendas de publicacións propias	18.500,00		18.500,00	22.836,63	61.535,57	84.372,20	4.336,63
332XX	Reprografía e-outros				336,31	13.136,19	13.472,50	336,31
33300	Vendas enerxía eléctrica	150.000,00		150.000,00	123.382,25	0,00	123.382,25	-26.617,75
380XX	Reintegros exercicios pechados				40.056,46	42.971,14	83.027,60	40.056,46
38101	Anuncios contratación administrativa	11.500,00		11.500,00	22.793,85	0,00	22.793,85	11.293,85
38103	Compensación consumos subministros concesionarios e compensación seguros	324.420,00		324.420,00	188.192,44	0,00	188.192,44	-136.227,56
381XX	Outros reintegros			0,00	247.366,60	90.338,06	337.704,66	247.366,60
39XXX	Ingresos diversos	150.000,00		150.000,00	256.155,79	148.229,28	404.385,07	106.155,79
	<b>Total capítulo III. Prezos públicos e outros ingresos</b>	<b>24.844.777,00</b>	<b>10.123.093,00</b>	<b>34.967.870,00</b>	<b>24.184.359,16</b>	<b>12.305.548,45</b>	<b>36.489.907,61</b>	<b>-660.417,84</b>
34XXX	Facturación interna						1.713.801,03	
	<b>Total capítulo III. (con facturación interna)</b>						<b>38.203.708,64</b>	

***Informe de xestión 2018***

---

Código económico	Denominación	Previsión ingresos non afectados	Previsión ingresos afectados	PREVISIÓN TOTAL	Dereitos recoñecidos non afectados	Dereitos recoñecidos afectados	DEREITOS RECOÑECIDOS TOTAIS	Desviación con respecto ao orzamento non afectado
40 XXX	Administración do estado			166.965,09	9.997,89	176.962,98	166.965,09	
41XXX	De organismos autónomos administrativos				1.619.464,00	1.619.464,00	0,00	
44XXX	Outros entes públicos			0,00	41.698,33	41.698,33	0,00	
45101	ConSELLERÍA EDUCACIÓN, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL. FINANCIAMIENTO ESTRUTURAL. CUSTE ESTÁNDAR	101.616.264,00		101.616.264,00	103.266.162,00		103.266.162,00	1.649.898,00
45102	ConSELLERÍA EDUCACIÓN, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL.. CONSELLO SOCIAL	200.000,00		200.000,00	200.000,00		200.000,00	0,00
45103	ConSELLERÍA EDUCACIÓN, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL. FINANCIAMIENTO POR RESULTADOS	14.299.030,00		14.299.030,00	15.315.984,39		15.315.984,39	1.016.954,39
45104	ConSELLERÍA EDUCACIÓN, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL. SEXENIOS, COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS AUTONÓMICOS E MATRÍCULAS	1.601.132,00	11.098.089,00	12.699.221,00	1.601.132,00	11.098.088,17	12.699.220,17	0,00
45112	ConSELLERÍA EDUCACIÓN, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL. ESTABILIZACIÓN PERSONAL		120.000,00	120.000,00		0,00	0,00	0,00
45140	SERGAS. PRAZAS VINCULADAS		3.928.886,00	3.928.886,00		3.003.862,45	3.003.862,45	0,00
45XXX	EDUCACIÓN. OUTRAS TRANSFERENCIAS			0,00		696.904,00	696.904,00	0,00
45XXX	OUTRAS CONSELLERÍAS E SERGAS			0,00	202.541,03	86.776,99	289.318,02	202.541,03
46XXX	ENTIDADES LOCAIS			0,00	0,00	412.500,00	412.500,00	0,00
47001	BANCO SANTANDER	360.000,00	1.440.000,00	1.800.000,00	360.000,00	1.563.360,00	1.923.360,00	0,00
47XXX	OUTRAS				42.000,00	14.000,00	56.000,00	42.000,00
48XXX	FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS LUCRO				0,00	76.373,00	76.373,00	0,00
49XXX	EXTERIOR				0,00	345.716,49	345.716,49	0,00
<b>Total capítulo IV. Transferencias correntes</b>		<b>118.076.426,00</b>	<b>16.586.975,00</b>	<b>134.663.401,00</b>	<b>121.154.784,51</b>	<b>18.968.741,32</b>	<b>140.123.525,83</b>	<b>3.078.358,51</b>
520	XUROS DE CONTAS BANCARIAS	3.357,00		3.357,00	1.347,87	178,39	1.526,26	-2.009,13
540	ALUGUER E PRODUTOS DE INMÓBILES	220.000,00		220.000,00	227.642,87	198.200,89	425.843,76	7.642,87
55XXX	CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS E RENDAS INMÓBILES	160.000,00		160.000,00	175.280,54		175.280,54	15.280,54
59XXX	OUTROS INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00		0,00	45.961,68	1.859,27	47.820,95	45.961,68
<b>Total capítulo V. Ingresos patrimoniais</b>		<b>383.357,00</b>	<b>0,00</b>	<b>383.357,00</b>	<b>450.232,96</b>	<b>200.238,55</b>	<b>650.471,51</b>	<b>66.875,96</b>
61900	VENDA OUTRAS INVERSIÓNS REAIS	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>Total capítulo VI. Alleamento de investimentos</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

*Informe de xestión 2018*

---

Código económico	Denominación	Previsión ingresos non afectados	Previsión ingresos afectados	PREVISIÓN TOTAL	Dereitos recoñecidos non afectados	Dereitos recoñecidos afectados	DEREITOS RECOÑECIDOS TOTAIS	Desviación con respecto ao orzamento non afectado
70100	Ministerios. Recursos investigación	600.000,00	6.307.000,00	6.907.000,00	174.044,72	5.123.292,13	5.297.336,85	
710	Organismos autónomos administrativos. Recursos investigación	600.000,00	6.307.000,00	6.907.000,00	374.544,49	5.928.779,32	6.303.323,81	
72000	Instituto de Salud Carlos III. Investigación	33.075,00	191.925,00	225.000,00	43.068,30	317.933,00	361.001,30	
74XXX	Outros organismos				3.103,45	56.618,55	59.722,00	
75000	Xunta de Galicia. Recursos investigación	1.600.000,00	16.600.000,00	18.200.000,00	1.639.567,08	23.117.455,39	24.757.022,47	
75001	ConSELLERÍA EDUCACIÓN, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL: Financiamento por resultados	14.299.030,00		14.299.030,00	13.322.155,84	0,00	13.322.155,84	
75002	ConSELLERÍA EDUCACIÓN, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL: Fondo obras RAM	2.331.929,00		2.331.929,00	2.331.928,82	0,00	2.331.928,82	
75011	SERGAS (financiamento redacción proxecto básico Complexo docente CCSS)		1.000.000,00	1.000.000,00	0,00	0,00	0,00	
760	Corporacións locais. Recursos investigación	2.700,00	27.300,00	30.000,00	14.210,17	87.824,21	102.034,38	
780	Familias e institucións sen fins de lucro. Recursos investigación	75.000,00	675.000,00	750.000,00	30.379,10	671.915,07	702.294,17	
79500	Unión europea. Recursos investigación	660.000,00	5.340.000,00	6.000.000,00	900.878,68	6.677.257,37	7.578.136,05	
799	Outras transferencias exterior			0,00	0,00	10.002,34	10.002,34	
<b>Total capítulo VII. Transferencias de capital</b>		<b>20.201.734,00</b>	<b>36.448.225,00</b>	<b>56.649.959,00</b>	<b>18.833.880,65</b>	<b>41.991.077,38</b>	<b>60.824.958,03</b>	<b>-1.367.853,35</b>
91103	Anticipos reembolsables FEDER (proxectos e infraestruturas I+D)	590.000,00	5.310.000,00	5.900.000,00	877.798,56	7.657.163,23	8.534.961,79	287.798,56
	<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>	<b>164.096.294,00</b>	<b>68.468.293,00</b>	<b>232.564.587,00</b>	<b>165.501.055,84</b>	<b>81.122.768,93</b>	<b>248.337.625,80</b>	<b>1.404.761,84</b>

**RESUMO:**

Previsión inicial ingresos non afectados	164.096.294,00
Dereitos recoñecidos ingresos non afectados	165.501.055,84
Superávit	1.404.761,84

### 1.1.2. INGRESOS DE EXERCICIOS ANTERIORES

O cadro 5 recolle a evolución dos dereitos recoñecidos en exercicios anteriores e pendentes de cobro a 1 de xaneiro de 2018, e as operacións de anulación e cobros durante o ano.

*Cadro 5. Ingresos en 2018, recoñecidos en exercicios anteriores*

<i>Ano (recoñecemento do ingreso)</i>	<i>Dereitos pendentes de cobro a 31/12/17</i>	<i>Dereitos anulados en 2018</i>	<i>Ingresado en 2018</i>	<i>Dereitos pendentes de cobro a 31/12/18</i>
2008	1.201.475,48	0	1.201.475,48	0
2009	0	0	0	0
2010	0	0	0	0
2011	0	0	0	0
2012	12.394,43	0	0	12.394,43
2013	114.487,99	0	7.385,08	107.102,91
2014	177.682,66	0	4.344,11	173.338,55
2015	708.144,00	24.224,78	227.391,76	456.527,46
2016	6.570.839,95	111.180,50	5.907.164,74	552.494,71
2017	34.269.381,56	436.046,96	29.887.808,38	3.945.526,22
<b>TOTAIS</b>	<b>43.054.406,07</b>	<b>571.452,24</b>	<b>37.235.569,55</b>	<b>5.247.384,28</b>

## **1.2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS**

### **1.2.1. COMENTARIOS XERAIS Á LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS**

No presente apartado analizaremos a execución do orzamento de gastos desde un punto de vista global, e ofrecerase información da evolución a nivel de capítulo nos últimos exercicios.

Posteriormente examinaranxe os gastos a nivel dos distintos centros e servizos que conforman a USC.

No cadro 6 da páxina seguinte preséntase a liquidación do orzamento de gastos por capítulo orzamentario, poñendo en relación os créditos iniciais, definitivos e a súa execución.

Na páxina seguinte, o cadro 7, amosa a comparativa de execución, a nivel de capítulo, dos catro últimos exercicios.

No cadro 8 infórmase das obrigas contraídas por grupo de función.

Por último, no cadro 9, indícase, por grupos de función agrupados, o total de orzamento, obrigas contraídas e participación porcentual sobre o total dos gastos.

*Informe de xestión 2018*

---

Cadro 6. Liquidación do orzamento de gastos por capítulo

<i>Capítulo</i>	<i>Orzamento inicial</i>	<i>Orzamento definitivo</i>	<i>Obrigas contraídas</i>	<i>Pagamentos</i>	<i>Pendente de pagamento a 31/12/18</i>	<i>Remanente</i>	<i>% execución (obrigas / orzamento definitivo)</i>
I. Gastos de persoal	144.813.865,00	147.199.352,54	147.199.021,58	145.810.589,68	1.388.431,90	0,00	100,00%
II. Gastos en bens correntes e servizos	25.759.611,00	30.592.086,35	28.188.047,41	24.434.375,59	3.753.671,82	1.977.157,39	92,14%
III. Gastos financeiros	400.000,00	439.386,06	439.385,56	438.565,75	819,81	0,00	100,00%
IV. Transferencias correntes	1.733.580,00	5.122.329,37	3.687.996,62	3.680.220,62	7.776,00	1.146.543,71	72,00%
<b>GASTOS CORRENTES</b>	<b>172.707.056,00</b>	<b>183.353.154,32</b>	<b>179.514.451,17</b>	<b>174.363.751,64</b>	<b>5.150.699,53</b>	<b>3.123.701,10</b>	<b>97,91%</b>
V. Fondo de continxencia e imprevistos	50.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
VI. Investimentos reais	55.211.425,00	93.667.446,01	62.650.602,83	59.019.286,37	3.631.316,46	29.228.973,59	66,89%
VII. Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
<b>GASTOS DE CAPITAL</b>	<b>55.261.425,00</b>	<b>93.667.446,01</b>	<b>62.650.602,83</b>	<b>59.019.286,37</b>	<b>3.631.316,46</b>	<b>29.228.973,59</b>	<b>66,89%</b>
<b>GASTOS NON FINANCIEROS</b>	<b>227.968.481,00</b>	<b>277.020.600,33</b>	<b>242.165.054,00</b>	<b>233.383.038,01</b>	<b>8.782.015,99</b>	<b>32.352.674,69</b>	<b>87,42%</b>
VIII. Variación de activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	
IX. Variación de pasivos financeiros	4.596.106,00	4.487.288,38	4.394.894,30	4.394.894,30	0,00	0,00	97,94%
<b>GASTOS FINANCIEROS</b>	<b>4.596.106,00</b>	<b>4.487.288,38</b>	<b>4.394.894,30</b>	<b>4.394.894,30</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>97,94%</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>232.564.587,00</b>	<b>281.507.888,71</b>	<b>246.559.948,30</b>	<b>237.777.932,31</b>	<b>8.782.015,99</b>	<b>32.352.674,69</b>	<b>87,59%</b>

*Informe de xestión 2018*

---

Cadro 7. Evolución das obrigas contraídas por capítulo

CAPÍTULO	2014	2015	2016	2017	2018
I. Gastos de persoal	139.339.806,44	141.474.430,17	142.640.548,62	144.223.436,97	147.199.021,58
II. Gastos en bens correntes e servizos	29.237.079,68	28.409.598,07	31.176.203,48	28.357.809,97	28.188.047,41
III. Gastos financeiros	556.030,89	866.659,60	738.176,97	936.465,14	439.385,56
IV. Transferencias correntes	7.435.362,55	6.634.889,33	6.554.066,02	4.988.458,29	3.687.996,62
V. Fondo de imprevistos	7.435.362,55	6.634.889,33	6.554.066,02	4.988.458,29	
<b>GASTOS CORRENTES</b>	<b>184.003.642,11</b>	<b>184.020.466,50</b>	<b>187.663.061,11</b>	<b>183.494.628,66</b>	<b>179.514.451,17</b>
VI. Investimentos reais	55.378.038,66	49.062.483,85	58.399.351,28	48.786.178,45	62.650.602,83
VII. Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00	212.628,23	0,00
<b>GASTOS DE CAPITAL</b>	<b>55.378.038,66</b>	<b>49.062.483,85</b>	<b>58.399.351,28</b>	<b>48.998.806,68</b>	<b>62.650.602,83</b>
<b>GASTOS NON FINANCEIROS</b>	<b>239.381.680,77</b>	<b>233.082.950,35</b>	<b>246.062.412,39</b>	<b>232.493.435,34</b>	<b>242.165.054,00</b>
VIII. Variación de activos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
IX. Variación de pasivos financeiros	15.852.320,78	12.213.171,39	9.774.986,04	16.277.282,74	4.394.894,30
<b>GASTOS FINANCIEROS</b>	<b>15.852.320,78</b>	<b>12.213.171,39</b>	<b>9.774.986,04</b>	<b>16.277.282,74</b>	<b>4.394.894,30</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>255.234.001,55</b>	<b>245.296.121,74</b>	<b>255.837.398,43</b>	<b>246.385.084,51</b>	<b>246.559.948,30</b>

*Informe de xestión 2018*

*Cadro 8. Execución do orzamento de gastos por grupo de función*

<i>Código</i>	<i>Grupo de función</i>	<i>Afectado</i>	<i>Orzamento inicial</i>	<i>Orzamento definitivo</i>	<i>Gastos autorizados</i>	<i>Obrigas contraídas</i>
0	Pasivos financeiros	NON	0,00	0,00	0,00	0,00
2	Investigación	NON	1.195.350,00	1.856.310,14	1.770.870,20	1.770.870,20
3	Producción de infraestruturas e servizos á docencia e a investigación	NON	155.473.816,00	158.059.136,85	157.503.696,72	157.503.696,72
5	Gastos e pasivos financeiros	NON	5.046.106,00	4.926.674,44	4.834.279,86	4.834.279,86
6	Docencia universitaria	NON	526.509,00	430.277,68	401.084,21	401.084,21
9	Asistencia, extensión e promoción da comunidade universitaria	NON	2.218.107,00	4.065.581,45	3.901.876,75	3.901.876,75
1	Docencia universitaria	SI	1.617.892,00	862.549,87	655.311,88	655.311,88
[E, F, M]	Docencia universitaria (posgrao e formación continua)	SI	0,00	1.909.353,95	1.436.417,35	1.436.417,35
4	Asistencia, extensión e promoción da comunidade universitaria	SI	467.406,00	6.407.331,07	3.847.611,97	3.832.239,39
7	Producción e prestación de servizos de apoio á investigación	SI	49.857.425,00	32.413.613,77	25.593.599,74	25.554.645,24
[A-Z]	Producción e prestación de servizos de apoio á investigación (continuación)	SI	0,00	54.460.065,02	31.971.831,84	31.724.318,48
8	Producción de infraestruturas e servizos á docencia e á investigación	SI	16.161.976,00	16.116.994,47	14.945.208,22	14.945.208,22
<b>TOTAL</b>			<b>232.564.587,00</b>	<b>281.507.888,71</b>	<b>246.861.788,74</b>	<b>246.559.948,30</b>

*Informe de xestión 2018*

*Cadro 9. Execución do orzamento de gastos por grupo de función*

<i>GRUPO DE FUNCIÓN (agrupadas)</i>	<i>Códigos</i>	<i>Orzamento inicial</i>	<i>Orzamento definitivo</i>	<i>Gastos autorizados</i>	<i>Obrigas contraídas</i>	<i>% de obligas sobre total</i>
Docencia universitaria	1, 6, E, F, M	2.144.401,00	3.202.181,50	2.492.813,44	2.492.813,44	1,01%
Investigación	2, 7 e [A-Z]	51.052.775,00	88.729.988,93	59.336.301,78	59.049.833,92	23,95%
Servizos comúns á docencia e á investigación	3 e 8	171.635.792,00	174.176.131,32	172.448.904,94	172.448.904,94	69,94%
Asistencia, extensión e promoción da comunidade universitaria	4 e 9	2.685.513,00	10.472.912,52	7.749.488,72	7.734.116,14	3,14%
Gastos e pasivos financeiros	0 e 5	5.046.106,00	4.926.674,44	4.834.279,86	4.834.279,86	1,96%
<b>TOTAL</b>		<b>232.564.587,00</b>	<b>281.507.888,71</b>	<b>246.861.788,74</b>	<b>246.559.948,30</b>	<b>100,00%</b>

Realizamos a continuación algúns comentarios sobre os aspectos que semellan ter maior interese ou ben achegan información adicional para unha axeitada comprensión dos datos reflectidos nos cadros e gráficos elaborados.

Como en anos anteriores, o nivel de execución dos gastos é moi próximo ao 100% no conxunto de partidas de créditos non afectados. Polo que respecta aos créditos afectados o nivel de execución é sensiblemente inferior, se ben este dato non é indicativo dunha mala planificación ou execución, senón que está condicionado polas características, condicións e duración das actividades financiadas, as cales son plurianuais na maior parte dos casos.

Cadro 10. Nivel de execución de gastos

<i>Tipo de créditos e execución</i>		<i>2015</i>	<i>2016</i>	<i>2017</i>	<i>2018</i>
<i>Créditos non afectados</i>	Crédito total	185.603.376	177.818.312	175.874.076	169.337.981
	Gasto executado	184.353.951	174.600.323	174.762.053	168.411.808
	% ejecución	99,33%	98,19%	99,37%	99,45%
<i>Créditos afectados</i>	Crédito total	93.327.511	107.152.392	108.428.126	112.169.908
	Gasto executado	61.205.963	71.784.762	72.828.106	78.148.141
	% ejecución	65,58%	66,99%	67,17%	69,67%

A partir do exercicio 2015 os créditos diferéncianse entre afectados e non afectados: os primeiros son os que teñen un financiamento externo específico e os segundos son os que están financiados con fondos xerais incondicionados. Nos cadro 8 e 9 informábase, para os grupos de función, desglosadas ou agrupadas, a execución dos seus créditos.

Nos grupos de función 3 e 8, “Producción de infraestruturas e servizos á docencia e á investigación”, está incluído integralmente o capítulo I de gastos de persoal e, por esa razón, concentra o 70% do gasto (68,29% o ano anterior). Nos grupos 1 e 6, así como os grupos E, F e M, “Docencia universitaria”, están incluídos os créditos dos estudios oficiais e propios. Por último, nos grupos 2, 7 e todos os demais cun díxito [A-Z] excluídos os tres mencionados, “Investigación”, inclúense os proxectos, contratos, convenios, infraestruturas e outras actividades de investigación.

A diferenciación a través da clasificación funcional e da económica dos gastos permite ademais que os gastos teñan un tratamiento fiscal diferenciado na dedución de IVE, en función do “sector económico” no que se encadren. Así, como criterio xeral teñen dedución do 100% todas as partidas de investigación; non teñen dedución ningunha as dos grupos de docencia, e por último deducen IVE na porcentaxe da prorrata anual que corresponda todas as demais.

### 1.2.3. PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE 2018

As probas de avaliación do bacharelato para o acceso á Universidade –incluídas as de maiores de 25 anos– son organizadas dende 1993 pola CIUG (Comisión Interuniversitaria Distrito Universitario Único de Galicia), que está encargada de realizar as operacións contables de gastos e ingresos en representación das tres Universidades de Galicia. Para estes efectos, existe un convenio coas Universidades da Coruña e Vigo e, no seu clausulado, reflíctese a operativa de rendición de contas unha vez rematadas as probas. No orzamento da USC só quedaría contabilizada a parte alícuota correspondente da diferenza entre ingresos e gastos das probas.

A achega da USC para contribuír aos gastos da CIUG queda reflectida contablemente con cargo ao capítulo IV: “transferencias correntes” nunha partida específica de subvención, que en 2018 foi de 119.522,84 euros. Neste exercicio, ese crédito figuraba na mesma partida destinada ao Consorcio Interuniversitario.

Os datos que figuran nas dúas táboas seguintes corresponden aos ingresos e gastos do exercicio 2018, de acordo coa información subministrada pola CIUG.

*Cadro 11. Información dos ingresos da CIUG*

<i>Partidas</i>	<i>2018</i>	<i>2017</i>	<i>Variación</i>
Recadación prezos públicos acceso maiores 25/45 anos	5.985,00	5.698,48	-286,52
Recadación prezos públicos convocatoria de xuño	612.643,89	660.304,54	47.660,65
Recadación prezos públicos convocatoria de setembro	122.751,41	119.796,20	-2.955,21
Achegas da universidade da Coruña	110.789,05	110.612,85	-176,20
Achegas da universidade de Santiago	119.699,05	119.522,84	-176,21
Achegas da universidade de Vigo	112.675,92	111.774,45	-901,47
Subvención da comarca de Cee	8.236,97	8.953,30	716,33
Subvención da comarca de Viveiro	10.300,12	22.940,27	12.640,15
Subvención da comarca de A Rúa	11.137,40	11.137,40	0,00
<b>TOTAIS:</b>	<b>1.114.218,81</b>	<b>1.170.740,33</b>	<b>56.521,52</b>

*Cadro 12. Información dos gastos da CIUG*

<i>Partidas</i>	<i>2017</i>	<i>2018</i>	<i>Variación</i>
Atencións protocolarias	389,87	1.726,54	1.336,67
Axudas de custo e locomoción	177.967,10	177.016,93	-950,17
Comunicacións	3.388,08	3.355,44	-32,64
Devolucións prezos públicos	1.386,87	2.024,61	637,74
Información e divulgación	174,24	174,24	0,00
Material funxible	46.756,88	56.678,56	9.921,68
Material inventariable	11.474,68	3.539,80	-7.934,88
Reparacións e mantemento	595,16	136,82	-458,34
Retribucións	687.221,86	736.263,98	49.042,12
Traballos realizados por outras empresas	176.647,42	181.886,38	5.238,96
Transportes	8.216,65	7.937,03	-279,62
<b>TOTAIS:</b>	<b>1.114.218,81</b>	<b>1.170.740,33</b>	<b>56.521,52</b>

#### 1.2.4. GASTOS DE EXERCICIOS PECHADOS

A 31/12/18 quedaban pendentes de pagamento obrigas imputadas ao exercicio de 2018 por importe 8,78 millóns de euros (13,71 no exercicio anterior); estas obrigas foron materialmente pagadas nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2019, polas contías que se indican a continuación.

*Cadro 13. Pagamentos en exercicios pechados*

Mes no que se fixeron pagamentos (ano posterior ao exercicio económico)	Orzamento 2017	Orzamento 2018
Xaneiro	6.261.068,14	4.657.898,70
Febreiro	4.654.009,87	4.088.047,06
Marzo	2.797.927,86	36.070,23
TOTAL	13.713.005,87	8.782.015,99

Total obrigas do exercicio	246.385.084,51	246.559.948,30
% en exercicios pechados	5,57%	3,56%

O total de obrigas contraídas no exercicio foi de 246,56 millóns de euros. É dicir, un 3,56% do gasto foi materialmente pagado no exercicio seguinte.

## 1.3. RESULTADOS ORZAMENTARIOS

### 1.3.1. ESTADO DA TESOURARÍA

O movemento xeral da tesouraría durante o exercicio foi como segue:

Cadro 14. Movementos da tesouraría

CONCEPTO	IMPORTE
<b>1.- COBROS</b>	<b>833.752.522,96</b>
Do orzamento corrente	214.009.323,96
De orzamentos cerrados	37.235.569,55
De operacións non orzamentarias	582.507.629,45
<b>2.- PAGAMENTOS</b>	<b>829.990.404,70</b>
Do orzamento corrente	237.777.932,31
De orzamentos cerrados	13.713.005,87
De operacións non orzamentarias	578.499.466,52
I.- Fluxo neto de tesouraría do exercicio (1-2)	3.762.118,26
3.- Saldo inicial de Tesouería	3.082.666,76
II.- Saldo final de Tesouería (I + 3)	<b>6.844.785,02</b>

As elevadas cifras de cobros e pagamentos por operacións non orzamentarias resultan da operativa do sistema de contabilización no programa SIC-3 (sistema de información contable) dos cobros que, previamente á súa aplicación ao orzamento de ingresos, son automaticamente contabilizados de xeito transitorio en operacións non orzamentarias e, do mesmo xeito, as operacións en formalización (sen saída material de fondos).

O fluxo neto de tesourería das operacións realizadas no exercicio foi positivo, superando os cobros aos pagamentos en 3,76 millóns de euros.

O saldo final de tesouraría está composto polo saldo das contas de anticipos a xustificar (contas bancarias descentralizadas), por un importe de 697.600,00 euros, e o saldo das contas bancarias operativas, por 6.147.185,02 euros.

### 1.3.2. ESTADO DO REMANENTE DE TESOURARÍA

Nos cadros económicos e na memoria da conta anual infórmase do cálculo do remanente de tesouraría do exercicio. A cifra resultante representa a tesouraría de que dispoñería a USC se todos os cobros e pagamentos pendentes se fixeran efectivos o día 31/12/18:

O remanente de tesourería así obtido serve para financiar parte dos créditos comprometidos ou específicos que se incorporan ao exercicio 2019:

Remanente de tesourería 31/12/18 (sen saldos dubidoso cobro)	32.538.463,88
Saldos de dubidoso cobro	- 173.713,52
Remanente de tesourería para financiar incorporacións de crédito a 2019	32.364.750,36

Para habilitar o resto dos créditos afectados, por importe de 10.337.666,95 euros, é preciso facer as dotacións orzamentarias en 2019 con cargo aos fondos de cursos e actividades de investigación do orzamento ordinario deste último ano.

### 1.3.3. RESULTADOS

Antes de indicar os resultados do exercicio preséntase no cadro seguinte o estado operativo no que se reflicten o total das obrigas, por grupo funcional, e os dereitos recoñecidos, por capítulo.

*Cadro 15. Obrigas contraídas vs dereitos recoñecidos*

Gastos por grupo de función	Obrigas contraídas	Ingresos por capítulo	Dereitos recoñecidos
Docencia universitaria	2.492.813,44	III. Prezos públicos e outros ingresos	38.203.708,64
Investigación	59.049.833,92	IV. Transferencias correntes	140.123.525,83
Servizos comúns á docencia e á investigación	172.448.904,94	V. Ingresos Patrimoniais	650.471,51
Asistencia, extensión e promoción da comunidade universitaria	7.734.116,14	VI. Alleamiento de investimentos reais	0
Gastos e pasivos financeiros	4.834.279,86	VII. Transferencias de Capital	60.824.958,03
		VIII. Variación Activos financeiros	0
		IX. Variación de Pasivos Financeiros	8.534.961,79
<b>TOTAL</b>	<b>246.559.948,30</b>	<b>TOTAL</b>	<b>248.337.625,80</b>

A continuación presentamos un detalle da capacidade / necesidade de financiamento no ejercicio 2018 aplicando os criterios establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais (SEC 95).

Os datos que se ofrecen foron contrastados coa Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, órgano co cal se está a traballar para mellorar a obtención de información do Estado e da propia Comunidade, de xeito que a información sexa única e estea actualizada permanentemente. Hai que ter en conta que a Universidade non dispón dalgunha información relevante, como son as obligas recoñecidas polo Estado ou pola Comunidade Autónoma, datos que afectan a estes cálculos; e tamén se pretende por ambas partes que a débeda recoñecida por anticipos a conta do financiamento FEDER poida ter uns mecanismos de cancelación más claros e previsibles.

*Cadro 17. Capacidad ou necesidade de financiamento*

Concepto	Exercicio 2017 (millóns de euros)	Exercicio 2018 (millóns de euros)
<b>Saldo orzamentario non financeiro</b>	<b>6,3</b>	<b>- 2,4</b>
Dereitos recoñecidos	241,8	239,8
Obrigas recoñecidas	235,5	242,5
<b>Axustes ao saldo orzamentario por aplicación do sistema europeo de contas</b>	<b>- 4,0</b>	<b>2,1</b>
Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento	- 0,1	1,0
Transferencias internas entre unidades administrativas da Comunidade Autónoma	- 2,3	- 0,3
Transferencias de fondos comunitarios	0,0	0,0
Transferencias da Administración Central e da Seguridade Social	- 5,8	- 4,1
Recadación incerta	4,2	5,6
<b>CAPACIDADE OU NECESIDADE DE FINANCIAMENTO</b>	<b>2,3</b>	<b>- 0,2</b>

De acordo cos datos anteriores, no exercicio 2018 resulta un déficit de financiamento, en termos do SEC-95, de 0,2 millóns de euros.

O resultado orzamentario do exercicio 2018, antes dos axustes, foi positivo en 1.777.677,50 euros. Agora ben, tendo en conta as desviacións positivas e negativas de financiamento, obtense un resultado orzamentario axustado negativo de -1.149.410,53 euros (segundo Estado EIV, Contas Anuais 2018).

*Cadro 16. Resultado orzamentario*

Conceptos	Dereitos recoñecidos netos	Obrigas recoñecidas netas	Axustes	Resultado orzamentario
a. Operacións correntes	178.977.705,98	179.514.451,17		-536.745,19
b. Operacións de capital	60.824.958,03	62.650.602,83		-1.825.644,80
c. Operacións comerciais	0,00	0,00		0,00
1. Total operacións non financeiras (a+b+c)	239.802.664,01	242.165.054,00		-2.362.389,99
d. Activos financeiros	0,00	0,00		0,00
e. Pasivos financeiros	8.534.961,79	4.394.894,30		4.140.067,49
2. Total operacións financeiras (d+e)	8.534.961,79	4.394.894,30		4.140.067,49
<b>I. RESULTADO ORZAMENTARIO EXERCICIO (I=1+2)</b>	<b>248.337.625,80</b>	<b>246.559.948,30</b>		<b>1.777.677,50</b>
<b>AXUSTES</b>				
3. Créditos gastados financ. con remanente de tesouraría non afectado			0,00	
4. Desviacións de financiamento negativas do exercicio			17.799.331,85	
5. Desviacións de financiamento positivas do exercicio			-20.726.419,88	
<b>II. TOTAL AXUSTES (II=3+4+5)</b>			<b>-2.927.088,03</b>	
<b>RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I+II)</b>				<b>-1.149.410,53</b>

De xeito resumido:

Remanente de tesouraría a 31/12/2018	32.364.750,36
Menos: Exceso de financiamento afectado (remanentes que hai que financiar en 2019)	42.702.417,31
Déficit a 31/12/2018	-10.337.666,95
Menos: Déficit acumulado a 31/12/2017	-9.188.256,42
Resultado orzamentario axustado 2018	-1.149.410,53

## **2. XESTIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS**

## 2.1. COMENTARIOS PARTICULARES AOS INGRESOS DE CADA CAPÍTULO

### CAPÍTULO III: PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS.

No cadro 18 figuran recollidos, por artigo orzamentario, os dereitos recoñecidos nos catro últimos exercicios. Presentamos de maneira separada os ingresos por facturación interna, por ser un concepto que non achega recursos do exterior.

Cadro 18. Prezos públicos e outros ingresos. Dereitos recoñecidos 2015 - 2018						
Art	Artigo orzamentario	2015	2016	2017	2018	
31	Prezos públicos por servicios académicos	20.891.090,54	20.828.968,39	20.135.525,19	19.800.581,83	
32	Prestación de servicios	14.911.401,13	14.886.165,46	15.513.027,78	15.431.995,21	
33	Venda de bens	159.171,34	200.589,53	151.103,33	221.226,95	
38	Reintegros	741.961,69	506.047,01	411.952,66	631.718,55	
39	Outros ingresos diversos	311.162,63	4.393.873,53	674.400,49	404.385,07	
<b>TOTAIS</b>		<b>37.014.787,33</b>	<b>40.815.643,92</b>	<b>36.886.009,45</b>	<b>36.489.907,61</b>	
34	Facturación interna	1.288.006,04	1.197.076,17	1.670.554,96	1.713.801,03	
		<b>38.302.793,37</b>	<b>42.012.720,09</b>	<b>38.556.564,41</b>	<b>38.203.708,64</b>	

Para unha visión comparativa máis inmediata, agrúpanse a continuación os datos de prezos públicos por servizos académicos, diferenciándoos do resto do capítulo III

Cadro 19. Análise comparativa capítulo III. Dereitos recoñecidos 2015-2018				
Agrupación artigos valores absolutos e relativos	2015	2016	2017	2018
OUTROS INGRESOS	16.123.696,79	19.986.675,53	16.750.484,26	16.689.325,78
	<b>43,56%</b>	<b>48,97%</b>	<b>45,41%</b>	<b>45,74%</b>
PREZOS PÚBLICOS POR SERVICIOS ACADÉMICOS	20.891.090,54	20.828.968,39	20.135.525,19	19.800.581,83
	<b>56,44%</b>	<b>51,03%</b>	<b>54,59%</b>	<b>54,26%</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO III</b>	<b>37.014.787,33</b>	<b>40.815.643,92</b>	<b>36.886.009,45</b>	<b>36.489.907,61</b>

## Informe de xestión 2018

No cadro 20 reflíctese o orzamento inicial das distintas partidas do capítulo III, diferenciando os ingresos afectados dos non afectados.

**Cadro 20. Orzamento inicial do capítulo III**

<i>Económica</i>	<i>Denominación</i>	<i>Ingresos non afectados</i>	<i>Ingresos afectados</i>	<i>Ingresos totais</i>
310	Prezos públicos de matrícula	18.800.000,00		18.800.000,00
31100	Prezos centro lingua modernas	350.000,00		350.000,00
31106	Matrícula cuarto ciclo	30.000,00		30.000,00
312	Matrícula cursos de posgrao	258.157,00	1.462.893,00	1.721.050,00
318	Prezos outros estudos	32.700,00		32.700,00
320	Dereitos de inscrición en oposicións e concursos	8.400,00		8.400,00
321	Inscricións, congresos, seminarios, etc.	52.100,00	295.200,00	347.300,00
322	Dereitos aloxamento servizo universitario de residencias	2.250.000,00		2.250.000,00
323	Servizos prestados por investigación	1.500.000,00	7.600.000,00	9.100.000,00
324	Outros servizos docencia	98.000,00		98.000,00
328	Servizos prestados atencións clínicas	135.000,00	765.000,00	900.000,00
32900	Escola infantil Breogán	115.000,00		115.000,00
32901	Cotas uso instalacións deportivas	525.000,00		525.000,00
32907	Entradas museo historia natural	36.000,00		36.000,00
33000	Vendas de publicacións propias	18.500,00		18.500,00
33300	Vendas enerxía eléctrica	150.000,00		150.000,00
38101	Anuncios contratación administrativa	11.500,00		11.500,00
38103	Compensación consumos subministros concesionarios	324.420,00		324.420,00
39999	Outros ingresos diversos	150.000,00		150.000,00

Os ingresos afectados son aqueles que se reciben para a realización de actividades específicas e que, en consecuencia, non poden destinarse a outra finalidade. A parte “non afectada” destes ingresos corresponde aos custos indirectos.

No detalle do cadro 21 aparecen desagregados por partidas singularizadas os diferentes tipos de ingresos. Nos comentarios seguintes deterémonos naqueles aspectos que consideramos máis significativos dentro dos principais artigos orzamentarios.

**Cadro 21. Previsións de ingresos e dereitos recoñecidos, capítulo III**

<i>Artigo orzamentario</i>	<i>Orzamento inicial</i>	<i>Orzamento definitivo</i>	<i>Dereitos recoñecidos</i>
<b>31. PREZOS PÚBLICOS POR SERVIZOS ACADÉMICOS</b>			
Estudos oficiais	18.800.000,00	18.800.000,00	17.537.396,63
Estudo centros propios e adscritos			17.537.396,63
Outros estudos	2.133.750,00	2.394.392,11	2.263.185,20
Cursos posgrao		1.753.750,00	1.632.717,47
Centro de Lingua Modernas		492.326,36	375.590,87
Criminoloxía			72.931,94
Cursos de verán		82.478,90	97.170,00
Cuarto Ciclo		30.000,00	41.542,92
Cursos especialización e outros cursos		35.836,85	43.232,00
<b>TOTAL ARTIGO 31</b>	<b>20.933.750,00</b>	<b>21.194.392,11</b>	<b>19.800.581,83</b>

## Informe de xestión 2018

<i>Artigo orzamentario</i>	<i>Orzamento inicial</i>	<i>Orzamento definitivo</i>	<i>Dereitos recoñecidos</i>
<b>32. PRESTACIÓN DE SERVICIOS</b>			
Inscricións en xornadas, congresos, etc.	347.300,00	348.439,00	278.636,53
Aloxamento SUR	2.250.000,00	2.253.295,21	2.357.908,01
Docencia	98.000,00	237.658,10	201.265,71
Servizos Investigación	9.100.000,00	9.100.000,00	
Feuga: custos de persoal e indirectos			282.372,58
Org. públicos e entidades sen fins de lucro			3.990.818,95
De empresas			6.559.379,22
Outros servizos prestados			
Cotas uso instalacións deportivas	525.000,00	575.867,78	593.754,65
Escola infantil Breogán	115.000,00	115.000,00	133.796,18
Atencións clínicas	900.000,00		
Atencións clínicas Odontoloxía		129.769,28	797.625,40
Atencións clínicas Óptica		6.529,28	7.681,50
Atencións clínicas Unidade Dislexia		0,00	12.605,00
Atencións clínicas Unidade Psicoxerontoloxía		0,00	420,00
Dereitos de oposicións e concursos	8.400,00	8.400,00	33.822,13
Museo de Historia Natural	36.000,00	36.000,00	41.119,47
Museo <i>Domus Mitrae</i>		16.401,00	22.557,00
Imprenta		311,14	7.319,21
Teléfonos		580,93	9.690,72
Estacións Biolóxicas		9.029,98	10.608,91
Bibliotecas		4.320,55	5.155,00
Outros: Facturac. Fund. Cátedras		42.667,91	85.459,04
<b>TOTAL ARTIGO 32</b>	<b>13.379.700,00</b>	<b>12.884.270,16</b>	<b>15.431.995,21</b>
<b>33. VENDA DE BENS</b>			
Publicacións	18.500,00	80.035,57	84.372,20
Reprografía		13.136,19	13.472,50
Vendas enerxía eléctrica	150.000,00	150.000,00	123.382,25
<b>TOTAL ARTIGO 33</b>	<b>168.500,00</b>	<b>243.171,76</b>	<b>221.226,95</b>
<b>38. REINTEGROS</b>			
Varios		42.971,14	149.718,15
Anuncios contratación	11.500,00	11.500,00	22.793,85
Compensación seguros		90.338,06	98.867,62
Compensación complexo docente		0,00	172.146,49
Compensacións subministracións concesionarios	324.420,00	324.420,00	188.192,44
<b>TOTAL ARTIGO 38</b>	<b>335.920,00</b>	<b>469.229,20</b>	<b>631.718,55</b>
<b>39. OUTROS INGRESOS DIVERSOS</b>			
Complemento asistencial Rof-Codina		48.415,47	48.415,47
Varios	150.000,00	249.813,81	355.969,60
<b>TOTAL ARTIGO 39</b>	<b>150.000,00</b>	<b>298.229,28</b>	<b>404.385,07</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO III (sen facturación interna)</b>	<b>34.967.870,00</b>	<b>35.089.292,51</b>	<b>36.489.907,61</b>
Facturación interna 2018			1.713.801,03

### **ARTIGO 31. PREZOS PÚBLICOS.**

Os dereitos recoñecidos por prezos públicos de estudos oficiais acadaron o importe de 17,58 millóns de euros sendo as previsións definitivas de ingreso 18,80 millóns de euros; por tanto, houbo un déficit por este concepto de 1,22 millóns de euros.

#### **Observacións:**

Os ingresos de prezos pola matriculación nas probas de acceso á Universidade non están incluídos na liquidación do orzamento de ingresos da USC. Mediante un convenio entre as tres Universidades de Galicia, encomendóuselle a liquidación dos gastos e ingresos das probas á CIUG. Por esta razón figura no orzamento da Universidade só a parte que se tivo que achegar para cubrir a diferenza entre os ingresos e os gastos e figura no capítulo IV de gastos na USC.

Inclúese na liquidación a matrícula gratuita na USC do seu persoal e familiares e está cargado o importe da mesma ao capítulo I de gastos (acción social) contabilizándose no orzamento de ingresos como un ingreso en formalización (sen entrada material de fondos).


#### **Criterios contables:**

Aplícase a recadación efectiva realizada durante o ano e que non estaba computada como dereitos recoñecidos pendentes de cobro do exercicio anterior (2017).

Consideráranse dereitos recoñecidos pendentes de cobro a 31/12/18 os seguintes:

- A información proporcionada por XESCAMPUS (aplicación informática para a xestión académica) dos abonarés emitidos – descontadas as devolucións – da matrícula do curso 2018/2019 pendentes de cobro a 28/12/18 (derradeiro día hábil de 2018), por un importe de 1.502.621,52 euros; aquí fundamentalmente recóllese os terceiros prazos que se liquidan en marzo de 2019 (956.100,17 euros).
- O importe pendente de compensación do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP) polas matrículas non satisfeitas de alumnos bolseiros e dos alumnos de familia numerosa de tres fillos ascende a 6.374.836,45 euros. Este importe extráese do informe de liquidación de prezos da aplicación XESCAMPUS con data 28/12/18. Cómpre subliñar que, ao igual que en exercicios anteriores (dese 2013), non se cobra dentro do ano un anticipo a conta do MEFP polos alumnos bolseiros, cuestión que agrava os problemas de tesouraría.


Gráfico 2. Peso relativo dos ingresos por prezos públicos fronte ao total do capítulo III



Os prezos públicos descenderon por debaixo dos 20 millóns de euros por primeira vez. Aínda así, este artigo continúa representando máis do 50% do capítulo III.

O leve descenso do número de alumnos, unido ao mantemento do prezo dos créditos desde 2010 produce unha caída desta fonte de ingresos

Gráfico 3. Evolución da recadación por prezos públicos



### **ARTIGO 32. PRESTACIÓN DE SERVIZOS**

Os dereitos de matrícula noutros estudos foron 2,26 millóns de euros fronte a 2,05 millóns de euros de 2017.

O importe acadado por contratos e convenios para o financiamento de actividades de investigación diminuíu aproximadamente un 3%, situándose en 10,83 millóns de euros (11,17 en 2017).

Os dereitos de aloxamento no Servizo Universitario de Residencias acadaron o importe de 2,36 millóns de euros (2,32 en 2017); tanto a ocupación como os prezos mantivérонse constantes. Compútanse como ingresos en formalización as maiores cotas que pagan os alumnos bolseiros compensadas coa bolsa de comedor que perciben.

### **ARTIGO 33. VENDA DE BENS**

As vendas de enerxía eléctrica pasan de 63,02 miles de euros en 2017 a 123,38 miles de euros no exercicio 2018.

### **ARTIGO 34. FACTURACIÓN INTERNA**

Desde o ano 1996 a facturación que se realiza internamente na USC –os denominados cargos internos– trátase contablemente como ingreso no centro emisor (centro que presta o servizo ou subministra as mercancías) e como pagamento no centro receptor (aplicación orzamentaria que soporta o gasto). Como consecuencia disto, o orzamento de ingresos, e correlativamente o de gastos, vense incrementados polo volume anual destas operacións, que representan en total 1,71 millóns de euros (1,67 millóns en 2017). Estas operacións non orixinan movementos de fondos de tesourería, posto que se realizan en “formalización” (sen saída material de fondos).

Desde o ano 2010 a facturación externa de telefonía móvil contabilízase e aboase extraorzungamentariamente. Posteriormente efectúanse os cargos internos contra as partidas do orzamento que deben soportalos, de tal xeito que se cancela a operación non orzamentaria. A partir de 2011 tamén se utiliza este sistema para o cargo da telefonía fixa. Desde 2015 tamén se segue o dito procedemento para o tratamento dos gastos de reprografía repercutidos polo concesionario “Campus na Nube”. Estes cargos teñen un tratamento distinto que os anteriores posto que neste caso non intervén o orzamento de ingresos.

No detalle do cadro 3 indicamos os diferentes centros emisores de cargos internos e as cantidades que facturan.

## CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

No cadro 22 detállanse por artigo orzamentario os dereitos recoñecidos comparándoos cos dos tres exercicios previos

Cadro 22. Ingresos por transferencias correntes, 2015 – 2018

<i>Art</i>	<i>Artigo orzamentario</i>	<i>Dereitos recoñecidos 2015</i>	<i>Dereitos recoñecidos 2016</i>	<i>Dereitos recoñecidos 2017</i>	<i>Dereitos recoñecidos 2018</i>
40	Administración do Estado	572.721,89	6.096,00	298.245,38	176.962,98
41	Organismos Autónomos administrativos	107.350,00	1.385.280,95	1.398.915,60	1.619.464,00
44	Outros entes públicos	27.358,00	24.358,00	23.601,00	41.698,33
45	Comunidades Autónomas	132.695.828,77	131.890.263,18	135.007.040,01	135.471.451,03
46	Corporacións locais	239.941,56	470.989,24	532.207,02	412.500,00
47	Empresas Privadas	2.109.193,00	2.206.075,00	2.029.180,00	1.979.360,00
48	Familias e institucións sen fins de lucro	198.847,75	127.308,91	158.063,11	76.373,00
49	Exterior	3.913.944,41	2.920.764,14	1.227.330,04	345.716,49
<b>TOTAL CAPÍTULO IV</b>		<b>139.865.185,38</b>	<b>139.031.135,42</b>	<b>140.674.582,16</b>	<b>140.123.525,83</b>

No cadro seguinte agrúpanse os datos anteriores en función da procedencia dos fondos:

Cadro 23. Transferencias capítulo IV agrupadas por procedencia

Agrupación artigos	Importe	% s/total
Comunidade autónoma	135.471.451,03	96,68%
Outros	4.652.074,80	3,32%
Total	140.123.525,83	100,00%

O exercicio foi o terceiro de vixencia do Plan Galego de Financiamento Universitario 2016-2020 (PGFU), asinado en febreiro de 2016. Este plan estrutura o financiamento autonómico que reciben as universidades en dous tipos de fondos: por un lado o fondo estrutural e por outro o de resultados.

No capítulo IV de ingresos aparecen recollidos a maior parte dos fondos do PGFU, que se detallan a continuación. O resto dos fondos corresponden a transferencias de capital:

Cadro 24. Financiamento por transferencias correntes procedente do PGFU e SERGAS

Custo estándar	103.266.162,00
Accións de mellora da calidad	131.578,68
Prazas vinculadas SERGAS	3.003.862,45
Compensación por complementos retributivos e compensación matrículas	12.699.220,17
Consello Social	200.000,00
Panel de indicadores	15.315.984,39

A continuación infórmase, a nivel de artigo orzamentario e partida da execución completa do orzamento do capítulo IV de ingresos:

## Informe de xestión 2018

Cadro 25. Ingresos por transferencias correntes a nivel de artigo e partida

<i>Artigo orzamentario e partida</i>	<i>Previsión iniciais</i>	<i>Previsión definitivas</i>	<i>Dereitos reconécidos</i>
<b>40. ADMINISTRACIÓN DO ESTADO</b>			
Ministerio de Educación / Política Social			10.296,33
Ministerio de Economía, Industria y Competitividad			166.666,65
<b>TOTAL ARTIGO 40</b>	<b>0,00</b>	<b>9.997,89</b>	<b>176.962,98</b>
<b>41. ORGANISMOS AUTÓNOMOS ADMINISTRATIVOS</b>			
Servicio Español de Internacionalización (SEPIE)			1.529.464,00
Axencia de turismo de Galicia			90.000,00
<b>TOTAL ARTIGO 41</b>	<b>0,00</b>	<b>1.619.464,00</b>	<b>1.619.464,00</b>
<b>44. OUTROS ENTES PÚBLICOS</b>			
Instituto Ramón Lull			31.698,33
Instituto Italiano de Cultura			10.000,00
<b>TOTAL ARTIGO 44</b>	<b>0,00</b>	<b>41.698,33</b>	<b>41.698,33</b>
<b>45. COMUNIDADES AUTÓNOMAS</b>			
<b>Consellerías e Organismos Xunta de Galicia</b>			
Consellería Cultura, Educación e Ord. Universitaria			132.309.849,24
Política Social			28.875,00
Servizo Galego de Saúde			3.129.190,59
Secretaría Xeral de Deporte			3.536,20
<b>TOTAL ARTIGO 45</b>	<b>132.863.401,00</b>	<b>135.337.059,24</b>	<b>135.471.451,03</b>
<b>46. CORPORACIÓN LOCAIS</b>			
Concello de Lugo			20.000,00
Concello de Guitiriz			2.500,00
Deputación Provincial de Lugo			390.000,00
<b>TOTAL ARTIGO 46</b>	<b>0,00</b>	<b>616.625,68</b>	<b>412.500,00</b>
<b>47. EMPRESAS PRIVADAS</b>			
Banco Santander			1.923.360,00
Caixa Rural			4.000,00
Sociedad Española de Endocrinología y Nutr.			6.000,00
Sociedad Española de Cardiología			6.000,00
Panadería da Cunha, S.L.			30.000,00
Aresa-Alvaro Rodriguez Eiras, S.L.			10.000,00
<b>TOTAL ARTIGO 47</b>	<b>1.800.000,00</b>	<b>1.934.660,00</b>	<b>1.979.360,00</b>
<b>48. FAMILIAS E INSTITUCIÓNSEN FINS DE LUCRO</b>			
Fundación Española Ciencia e Tecnología (FECYT)			46.648,00
Fundación José Otero-Carmela Martínez			18.000,00
Flundación Pneumasocalpar			625,00
Real Sociedad Española de Química			3.000,00
Fundación Once			8.100,00
<b>TOTAL ARTIGO 48</b>	<b>0,00</b>	<b>72.748,00</b>	<b>76.373,00</b>
<b>49. EXTERIOR</b>			
Unión Europea			345.716,49
<b>TOTAL ARTIGO 49</b>	<b>0,00</b>	<b>344.835,53</b>	<b>345.716,49</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO IV</b>	<b>134.663.401,00</b>	<b>139.977.088,67</b>	<b>140.123.525,83</b>

## CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS

Este capítulo recolle as partidas de ingresos derivados da rendibilidade do patrimonio da Universidade.

Cadro 26. Evolución dos dereitos recoñecidos no capítulo V

Art	Artigo orzamentario	Dereitos recoñecidos 2015	Dereitos recoñecidos 2016	Dereitos recoñecidos 2017	Dereitos recoñecidos 2018
52	Xuros de contas bancarias	24.275,70	6.189,43	2.296,58	1.526,26
54	Produtos de inmobles	347.087,12	415.615,82	452.448,96	425.843,76
55	Concesións administrativas	164.653,97	157.918,44	173.376,53	175.280,54
59	Outros ingresos patrimoniais	51.322,78	59.112,07	1.100.373,45	47.820,95
	<b>TOTAL CAPÍTULO V</b>	<b>587.339,57</b>	<b>638.835,76</b>	<b>1.728.495,52</b>	<b>650.471,51</b>

Hai dúas características salientables con respecto a este capítulo:

- Por un lado os ingresos por xuros de contas bancarias continuaron reducíndose ata perder relevancia, debido ás baixadas de tipos.
- Por outro lado os ingresos no conxunto deste capítulo continúan cunha modesta tendencia á subida, pero a súa contribución ao conxunto dos ingresos segue a ser moi baixa.

O incremento que experimentou o artigo 59 en 2017 foi debido, como xa se explicou no informe de xestión dese exercicio, aos ingresos recibidos tras sentenzas favorables sobre o dereito a dedución do IVE soportado en actividades de I+D+i.

Na táboa seguinte ofrécese información a nivel de artigo e de partida:

Cadro 27. Información por artigo e por partida dos ingresos patrimoniais

Artigo orzamentario e partida	Orzamento inicial	Orzamento definitivo	Dereitos recoñecidos
<b>52. XUROS DE CONTAS BANCARIAS</b>			
En ABANCA Corporación Bancaria, S.A.			1.210,74
En Banco Santander			0,00
En Caixa Rural de Lugo			103,86
En Banco Bilbao Vizcaya			4,94
En La Caixa			206,72
<b>TOTAL ARTIGO 52</b>	<b>3.357,00</b>	<b>3.535,39</b>	<b>1.526,26</b>
<b>54. ALUGUEIROS E PRODUTOS DE INMOBLES</b>			
Alugueres vivendas funcionarios			12.423,79
Cesión uso bens patrimoniais			413.419,97
<b>TOTAL ARTIGO 54</b>	<b>220.000,00</b>	<b>418.200,89</b>	<b>425.843,76</b>
<b>55. CONCESIÓN ADMINISTRATIVAS</b>			
Servizo cafeterías, fotocopiadoras			175.280,54
<b>TOTAL ARTIGO 55</b>	<b>160.000,00</b>	<b>160.000,00</b>	<b>175.280,54</b>
<b>59. OUTROS INGRESOS PATRIMONIAIS</b>			
Outros ingresos patrimoniais			47.820,95
<b>TOTAL ARTIGO 59</b>	<b>0,00</b>	<b>1.859,27</b>	<b>47.820,95</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO V</b>	<b>383.357,00</b>	<b>583.595,55</b>	<b>650.471,51</b>

## CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL

No cadro seguinte recóllese os dereitos recoñecidos deste capítulo por artigo orzamentario e efectúase a comparación cos dos tres anos anteriores:

Cadro 28. Evolución dos dereitos recoñecidos no capítulo VI

Art	Artigo orzamentario	Dereitos recoñecidos 2015	Dereitos recoñecidos 2016	Dereitos recoñecidos 2017	Dereitos recoñecidos 2018
70	Administración do Estado	8.634.913,10	9.144.629,59	6.795.000,37	5.297.336,85
71	Organismos Autónomos Administrativos	386.519,14	9.339.768,49	2.805.100,38	6.303.323,81
72	Seguridade Social	261.250,00	218.295,00	293.710,12	361.001,30
74	Empresas Públicas e outros entes	54.999,61	27.500,00	35.232,52	59.722,00
75	Comunidades Autónomas	29.096.369,94	32.098.080,78	36.281.422,67	40.411.107,13
76	Corporacións locais	428.127,56	101.132,93	622.482,11	102.034,38
77	Empresas privadas	30.000,00	0,00	20.000,00	0,00
78	Familias e Institucións sen fins de lucro	688.967,84	841.065,51	713.760,76	702.294,17
79	Exterior	14.174.719,19	17.970.364,77	7.204.832,58	7.588.138,39
<b>TOTAL CAPÍTULO VII</b>		<b>53.755.866,38</b>	<b>69.740.837,07</b>	<b>54.771.541,51</b>	<b>60.824.958,03</b>

O incremento no artigo 71, e o descenso no 70 están motivados fundamentalmente polo papel no financiamento da I+D competitiva, que pasou progresivamente de ser asumido por distintos Ministerios (en particular o MINECO) a Axencia Estatal de Investigación.

Cómpre indicar que o financiamento (autonómico, estatal e europeo) das actividades competitivas de I+D+i nun ciclo curto de tempo pode ofrecer resultados pouco homoxéneos. Iso é así por tres razóns principais:

- Os ciclos de inicio e fin da vixencia das diferentes convocatorias é decidida polo finanziador. Sucedé en ocasións que o financiamento dalgunha convocatoria empeza a súa vixencia no exercicio seguinte ao previsto.
- A propia dinámica temporal desas convocatorias. Como exemplo, as convocatorias para o financiamento das infraestruturas públicanse cada dous, tres ou máis anos.
- A forma de financiamento, que tamén ven determinada polo finanziador, en particular nas convocatorias estatais. En xeral, os fondos que proceden de FEDER son anticipados pola AEI, e deben contabilizarse como ingreso no capítulo IX, pero nin a contía nin o número de proxectos que van recibir ese financiamento son coñecidos de antemán.

A capacidade de captación de fondos para I+D+i por parte dos investigadores e grupos de investigación da USC, tanto públicos como privados, mantén unha tendencia alcista nos últimos exercicios.

## Informe de xestión 2018

---

A continuación dáse información a nivel de ejecución por artigo e partida do exercicio 2018

Cadro 29. Información por artigo e por partida das transferencias de capital

Artigo orzamentario e partida	Previsión iniciais	Previsión definitivas	Dereitos recoñecidos
-------------------------------	--------------------	-----------------------	----------------------

### 70.ADMINISTRACIÓN DO ESTADO

Ministerio de Educación, Política social y Deporte	2.935.978,50
Ministerio de Economía ,Industria y Competitividad	2.205.053,55
Ministerio de Agricultura, Pesca,Alimentación y Medio Ambiente	122.869,94
Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad	11.500,00
Ministerio de Sanidad y Consumo	15.985,00
Ministerio de Defensa	5.949,86
<b>TOTAL ARTIGO 70</b>	<b>13.814.000,00</b>

### 71.ORGANISMOS AUTONÓMOS ADMINISTRATIVOS

Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía	29.866,67
Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)	25.674,73
Axencia Galega das Industrias Culturais	46.254,80
Agencia Estatal de Investigación	6.049.905,83
Instituto de la Mujer	111.621,78
Instituto Galego de Consumo	30.000,00
Instituto de la Juventud	10.000,00
<b>TOTAL ARTIGO 71</b>	<b>0,00</b>

### 72.SEGURIDADE SOCIAL

Fondo investigacíons sanitarias Seguridade Social	361.001,30
<b>TOTAL ARTIGO 72</b>	<b>225.000,00</b>

### 74.EMPRESAS PÚBLICAS E OUTROS ENTES

Consortio desenvolvemento aplicacións informáticas	22.500,00
Parlamento de Galicia	37.222,00
<b>TOTAL ARTIGO 74</b>	<b>0,00</b>

### 75.COMUNIDADES AUTÓNOMAS

#### Xunta de Galicia

Recursos para investigación	23.777.774,82
Financiamento por Resultados	13.322.155,84
Reparación, Ampliación, Mellora (RAM)	2.331.928,82
SERGAS-Proxecto complexo docente Ciencias da Saúde	0,00
Axencia Galega de Innovación	979.247,65
<b>TOTAL ARTIGO 75</b>	<b>35.830.959,00</b>

### 76.CORPORACIÓNS LOCAIS

Deputación Provincial de Lugo	100.186,00
Deputación Provincial de A Coruña	1.848,38
<b>TOTAL ARTIGO 76</b>	<b>30.000,00</b>

### 77. EMPRESAS PRIVADAS

<b>TOTAL ARTIGO 77</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
------------------------	-------------	-------------	-------------

### 78. FAMILIAS E INSTITITUCIÓNS SEN FINS LUCRO

Fundación Española Ciencia e Tecnoloxía	138.899,93
Fundación Biodiversidade	33.377,50
Fundación Feiraco	12.000,00
Fundación Ramón Areces	70.867,51
Fundación Mafre	3.000,00

## Informe de xestión 2018

Centro Investigación Biomédica en enfermedades neurodeg.	5.998,88
Consortio da Cidade de Santiago de Compostela	23.040,52
Fundación Cientificación Asociación española	160.000,00
Fundación Pedro Barrié de la Maza	26.895,67
Red Universitaria Iberoamericana Incubación	2.230,34
Caixa Rural Galega	50.000,00
Fundación Galicia Obra Social	30.000,00
Fundación BBVA	94.498,77
Fundación Daniel & Nina Carasso	4.000,00
Fundazione Humanitas per la Ricerca	16.485,05
Asociación Aliad-Ultreia	1.000,00
Fundación privada Manuel Serra Dominguez	4.000,00
Fundación Francisco Cobos	24.000,00
Sociedad Europea de Fraseología	2.000,00
<b>TOTAL ARTIGO 78</b>	<b>750.000,00</b>
	<b>750.000,00</b>
	<b>702.294,17</b>
<b>79. EXTERIOR</b>	
Unión Europea. Recursos investigación	7.578.136,05
Outras	10.002,34
<b>TOTAL ARTIGO 79</b>	<b>6.000.000,00</b>
	<b>7.044.753,68</b>
	<b>7.588.138,39</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO VII</b>	<b>56.649.959,00</b>
	<b>66.143.376,00</b>
	<b>60.824.958,03</b>

No capítulo VII de ingresos aparecen recollidos os fondos do PGFU, que se detallan a continuación. O resto das partidas xa se mencionaron no capítulo IV:

Cadro 30. Financiamento por transferencias correntes procedente do PGFU e SERGAS

Financiamento por resultados. Panel de indicadores	13.322.155,84
Fondo estrutural. Obra RAM	2.331.928,82

## CAPÍTULO VIII. VARIACIÓN DE ACTIVOS FINANCIEROS

No cadro 30, dáse conta do capítulo de variación activos financeiros. É dicir, o financiamento de créditos en 2017 e 2018 co remanente de tesourería de 2016 e 2017, respectivamente. En síntese, comprende aqueles créditos que non estaban obligados a final de exercicio e que se incorporaron ao ano seguinte para atender actividades finanziadas con recursos específicos ou gastos comprometidos no exercicio precedente.

Cadro 31. Financiamento co remanente de tesouraría incorporado a 2018

<i>Incorporado ao capítulo de gastos</i>	<i>Créditos financiados no exercicio 2017</i>	<i>Créditos financiados no exercicio 2018</i>
II. Gastos en Bens correntes e servicios	2.719.352,80	2.143.163,68
IV. Transferencias Correntes	3.999.956,33	1.919.647,99
VI. Investimentos reais	30.506.201,97	27.137.923,28
<b>TOTAIS CAPITULO VIII</b>	<b>37.225.511,10</b>	<b>31.200.734,95</b>

## CAPÍTULO IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS

Os dereitos recoñecidos en pasivos financeiros corresponden con financiamento de actividades de investigación con fondos FEDER. Estes fondos son anticipados polos organismos financiadores estatais (na actualidade Axencia Estatal de Investigación), e deben quedar contabilizados como préstamos ata que o citado organismo obteña o retorno dos fondos comunitarios e comunique esta situación á USC. Nese momento contabilízanse os ditos fondos como subvención e desaparece a débeda, mediante asentos en formalización (sen movemento de fondos).

Cadro 32. Financiamento por anticipos reembolsables FEDER

Variación de pasivos financeiros	Exercicio 2017	Exercicio 2018
Previsións iniciais	4.767.730,00	5.900.000,00
Dereitos recoñecidos	879.481,94	8.534.961,79

## **2.1. COMENTARIOS PARTICULARES SOBRE OS GASTOS DE CADA CAPÍTULO**

Nos cadros que reproducimos a continuación aparecen desagregados os gastos de cada capítulo por artigo orzamentario. Aínda que os datos achegados semellan suficientes para entender con carácter global a estrutura e evolución dos gastos da institución, procederemos a realizar os seguintes comentarios ou aclaracións adicionais sobre estes:

### **CAPÍTULO I. GASTOS DE PERSOAL**

A porcentaxe de execución do capítulo I, “Gastos de persoal” foi praticamente do 100,00%.

Cadro 33. Execución de gastos por artigo, capítulo I

<i>Artigo orzamentario</i>	<i>Orzamento inicial</i>	<i>Orzamento definitivo</i>	<i>Obrigas contraídas</i>	<i>Remanente incorporado a 2019</i>	<i>Remanente anulado</i>
11. Eventuais	139.375,00	139.964,00	140.224,49	0,00	-260,49
12. Funcionarios	91.325.904,00	92.566.296,72	91.410.995,28	0,00	1.155.301,44
13. Laborais	35.365.142,00	35.363.581,71	36.726.289,52	0,00	-1.362.707,81
15. Incentivos ao rendemento	10.000,00	529.713,56	529.713,56	0,00	0,00
16. Cotas e gastos sociais	17.973.444,00	18.600.385,55	18.391.798,73	0,00	208.586,82
<b>TOTAIS</b>	<b>144.813.865,00</b>	<b>147.199.941,54</b>	<b>147.199.021,58</b>	<b>0,00</b>	<b>919,96</b>

Neste capítulo tamén se inclúen como gastos as obrigas derivadas dos cursos de formación de PAS, por importe de 32.262,09 euros, e os gastos de acción social, desglosados en seguros de persoal: 113.862,00 euros, intercambio PAS: 41.790 euros, axudas matrícula: 313.541,34 euros e o programa *cheque-infantil* en Lugo: 20.787,36 euros.

No cadro 34 vese a estrutura dos gastos segundo o tipo de persoal PDI (docente e investigador) e PAS (administración e servizos).

Cadro 34. Gastos de persoal por colectivo

TIPO PERSOAL	Retribucións brutas	% sobre total retribucións	Seguridade e accións social	Total gastos de persoal	% sobre gastos de persoal
Funcionarios docentes	72.440.343,26	56,24			
Contratados docentes	0,00	0,00			
Laboral docente	19.161.318,91	14,88			
SUBTOTAL PDI	91.601.662,17	71,12	8.022.385,90	99.624.048,07	67,68
Funcionarios PAS	19.500.365,58	15,14			
Laboral PAS	17.564.970,61	13,64			
Eventual	140.224,49	0,11			
SUBTOTAL PAS	37.205.560,68	28,88	10.369.412,83	47.574.973,51	32,32
TOTAL	128.807.222,85	100,00	18.391.798,73	147.199.021,58	100,00

Cadro 35. Evolución do peso relativo do gasto de persoal por colectivos

ANO	PERSONAL DOCENTE E INVESTIGADOR		PERSONAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS	
	% Retribucións sobre total	% sobre gastos de persoal	% Retribucións sobre total	% sobre gasto de persoal
2000	74,28	70,14	25,72	29,86
2001	75,15	70,92	24,85	29,08
2002	73,20	68,87	26,80	31,13
2003	72,59	67,80	27,41	32,20
2004	72,22	68,21	27,78	31,79
2005	72,55	69,02	27,45	30,98
2006	74,45	70,47	25,55	29,53
2007	75,27	71,18	24,73	28,82
2008	73,39	68,18	26,61	31,81
2009	72,44	68,58	27,56	31,42
2010	72,27	68,28	27,73	31,72
2011	72,36	68,16	27,64	31,84
2012	73,02	68,72	26,98	31,28
2013	71,81	67,82	28,19	32,18
2014	71,65	67,73	28,35	32,27
2015	72,18	67,96	27,82	32,04
2016	72,55	68,99	27,45	31,11
2017	71,72	68,30	28,28	31,70
2018	71,12	67,68	28,88	32,32

## CAPÍTULO II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS

No cadro 36 especificáñanse os gastos do capítulo II a nivel de artigo. Son salientables neste capítulo os gastos vencellados a cursos de posgrao (maioritariamente propios, e gastos con cargo a convenios de posgrao oficial) e outros cursos que representan o 8,04% do total pero corresponden á execución de créditos que se xeraron en función da recadación de cotas de inscrición ou subvencións acadadas, ou sexa, que están financiados con achegas externas sen gravar os recursos da universidade.

Cadro 36. Gastos correntes por artigo orzamentario

Artigo orzamentario	Orzamento inicial	Orzamento definitivo	Obrigas contraídas	Remanente incorporado a 2019	Remanente anulado
20. Arrendamentos	442.938,00	382.330,40	465.854,42	0,00	-83.524,02
21. Reparación e conservación	2.742.750,00	2.574.270,85	2.646.716,77	0,00	-72.445,92
22. Material, Subministracións e outros	22.346.614,00	26.321.458,76	24.287.851,76	1.273.539,59	760.067,41
23. Indemnizacións por razón do servizo	227.309,00	276.380,64	394.308,13	0,00	-117.927,49
26. Gastos de funcionamento	0,00	1.037.645,70	393.316,33	679.077,70	-34.748,33
27. Gastos funcionamento (prestacións clínicas) (1)	0,00			24.540,10	
<b>TOTAIS</b>	<b>25.759.611,00</b>	<b>30.592.086,35</b>	<b>28.188.047,41</b>	<b>1.977.157,39</b>	<b>451.421,65</b>

(1) En 2018 este tipo de gastos non estaban diferenciados (si a partir de 2019)

Porén, os gastos más importantes son os que corresponden ao servizo de limpeza e as subministracións (enerxía eléctrica, gas e gasóleo para calefacción, e auga). No cadro 37 especificáñanse a nivel de concepto:

Cadro 37. Gastos correntes por artigo orzamentario

Concepto gasto	Obrigas 2017	Obrigas 2018	% sobre o total
Arrendamentos	413.950,90	465.854,42	1,65%
Reparación de edificios	478.458,12	415.570,54	1,47%
Reparación e mantemento Maquinaria, instalacións	1.574.839,22	1.521.767,77	5,40%
Reparacións e mantemento elementos de transporte	7.090,39	9.718,28	0,03%
Reparación e mantemento Mobiliario e equipamento	690.108,01	699.660,18	2,48%
Material de oficina non inventariable	1.370.937,36	1.363.342,89	4,84%
Subministracións	5.737.433,62	5.669.404,55	20,11%
Comunicacións	238.695,08	223.835,85	0,79%
Transportes	14.346,36	8.405,63	0,03%
Primas de Seguros	148.794,93	146.495,02	0,52%
Tributos	118.705,25	354.236,77	1,26%

*Informe de xestión 2018*

Concepto gasto	Obrigas 2017	Obrigas 2018	% sobre o total
Atencións protocolarias	95.425,75	127.827,17	0,45%
Información e divulgación	157.167,45	109.151,91	0,39%
Xurídicos	177.440,25	225.873,33	0,80%
Prácticas de campo	105.067,86	101.760,01	0,36%
Outros gastos diversos	435.378,21	358.421,68	1,27%
Limpeza	7.290.583,59	6.979.076,27	24,76%
Seguridade	1.297.947,65	1.291.741,97	4,58%
Outros traballos realizados por empresas	3.494.462,29	3.917.622,82	13,90%
Cursos, conferencias, congresos, etc	1.876.839,08	2.265.662,90	8,04%
Extensión Universitaria	1477662,99	1.144.992,99	4,06%
Indemnizacións por razón do servizo	423.552,04	394.308,13	1,40%
Gastos funcionamento programas exterior	732.923,57	393.316,33	1,40%
<b>TOTAIS</b>	<b>28.357.809,97</b>	<b>28.188.047,41</b>	<b>100,00%</b>

### **CAPÍTULO III. GASTOS FINANCIEROS**

Os gastos financeiros acadan a contía de 439,39 miles de euros en 2018. Prodúcese un descenso significativo con respecto aos dous exercicios anteriores, motivado porque nos exercicios 2016 e 2017, en particular neste último, se aboaron xuros correspondentes aos préstamos reembolsables aprazados-

Cadro 38. Gastos financeiros (capítulo III)

<i>Concepto de gasto</i>	Obrigas contraídas 2016	Obrigas contraídas 2017	Obrigas contraídas 2018
Xuros de préstamos	279.413,57	255.553,08	214.802,66
Outros gastos financeiros (comisións, avais, etc)	236.124,01	132.647,88	126.026,60
Xuros de demora	222.639,39	548.264,18	98.556,30
<b>TOTAIS</b>	<b>738.176,97</b>	<b>936.465,14</b>	<b>439.385,56</b>

## CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES

No capítulo de transferencias correntes (adro 39) indícase, partida por partida, o destino destas e agrúpanse en cinco bloques para a súa mellor análise.

Cadro 39. Transferencias correntes

Artigo orzamentarios	Orzamento inicial	Orzamento definitivo	Obrigas recoñecidas
<b>48. A FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO</b>			
<b>A) 482. Estudantes e extensión universitaria</b>			
Bolsas Estudiantes Cultura	70.000,00	70.000,00	45.542,43
Bolsas doutorandos Filoloxía, Historia, Xeografía. Legado César Oro	0,00	37.575,84	0,00
Becas Santander CRUE-CEPYME prácticas empresas	0,00	79.200,00	45.968,17
Bolsas e accións de promoción internacional	72.000,00	221.422,19	204.780,00
Bolsas comedor SUR	625.000,00	628.838,68	628.838,68
Programas de transporte	6.000,00	2.161,32	0,00
Axudas alumnado situación económica con dificultades.	25.000,00	25.000,00	0,00
Bolsas apoio en tecnoloxías da información e comunicación	30.000,00	10.000,00	8.843,53
<b>SUBTOTAL</b>	<b>828.000,00</b>	<b>1.074.198,03</b>	<b>933.972,81</b>
<b>B) 481. Fomento da formación e investigación</b>			
Accións de retención de talento	10.000,00	10.000,00	0,00
<b>SUBTOTAL</b>	<b>10.000,00</b>	<b>10.000,00</b>	<b>0,00</b>
<b>C) 483. Nominativas</b>			
Outras Bolsas	246.100,00	249.100,00	244.616,60
Outras Bolsas deportes	419.790,00	419.790,00	419.790,00
Fundación Centro de estudos eurorrexionais	9.565,00	9.565,00	9.565,00
Subvención Fundación ROF CODINA	185.000,00	185.000,00	185.000,00
Museo do Pobo galego	1.000,00	1.000,00	1.000,00
Grupo Compostela de Universidades	10.000,00	10.000,00	10.000,00
Padroado Casa da Troia	1.000,00	1.000,00	1.000,00
Antigos alumnos e amigos da USC	22.500,00	22.500,00	0,00
Padroado Rosalía de Castro	625,00	625,00	625,00
<b>SUBTOTAL</b>	<b>895.580,00</b>	<b>898.580,00</b>	<b>871.596,60</b>
<b>D) 484. Outras</b>			
Asistencia, extensión e promoción comunidade universitaria.	0,00	5.399,99	2.522,68
Bolsas Nicolas Peña	0,00	112.230,20	0,00
<b>SUBTOTAL</b>	<b>0,00</b>	<b>117.630,19</b>	<b>2.522,68</b>
<b>TOTAL ARTIGO 48</b>	<b>1.733.580,00</b>	<b>2.100.408,22</b>	<b>1.808.092,09</b>
<b>49. AO EXTERIOR</b>			
Master Mundus en Lexicografía	0,00	8.530,00	7.000,00
Programa ERASMUS	0,00	1.381.014,58	877.837,01
Programa EMUNDUS MARHABA	0,00	460.641,95	307.037,40
Erasmus Mundus Avempac+	0,00	42.794,35	35.036,41
Erasmus + KA107	0,00	953.169,27	477.222,71
Fondos Xerencia Internacionalización	0,00	175.771,00	175.771,00
<b>TOTAL ARTIGO 49</b>	<b>0,00</b>	<b>3.021.921,15</b>	<b>1.879.904,53</b>
<b>TOTAL CAPÍTULO IV</b>	<b>1.733.580,00</b>	<b>5.122.329,37</b>	<b>3.687.996,62</b>

A táboa seguinte permite apreciar a evolución deste capítulo:

Cadro 40. Evolución das transferencias correntes

Agrupación	2014	2015	2016	2017	2018
Estudantes	1.048.128,71	1.209.670,36	1.083.499,45	887.608,57	933.972,81
Fomento da formación e investigación	569.347,98	21.540,95	1.442,95	0,00	0,00
Nominativas	1.134.602,69	1.130.714,32	927.580,55	877.391,03	871.596,60
Outras	268.477,95	106.584,78	114.214,65	235.468,13	2.522,68
Exterior	4.414.805,22	4.166.378,92	4.427.328,42	2.987.990,56	1.879.904,53
<b>OBRIGAS COMPROMETIDAS</b>	<b>7.435.362,55</b>	<b>6.634.889,33</b>	<b>6.554.066,02</b>	<b>4.988.458,29</b>	<b>3.687.996,62</b>

## CAPÍTULO VI. INVESTIMENTOS REAIS

O capítulo VI comprende os créditos que se destinan a investimentos, tanto materiais (edificios, mobiliario, equipamento científico, etc), como inmateriais (actividades de I+D+i en xeral).

Moitos dos créditos que forman parte deste capítulo, en particular os de I+D+i, teñen carácter de afectado, polo que os ciclos de gasto están moi determinados polo financiamento externo obtido para esta finalidade.

As obrigas recoñecidas aumentaron en 2018 con respecto ao exercicio anterior, moi en particular aquellas relacionadas coa adquisición de equipamento científico e as debidas á execución de actividades de I+D.

Cadro 41. Investimentos reais

<i>Concepto orzamentario</i>	<i>Orzamento inicial</i>	<i>Orzamento definitivo</i>	<i>Obrigas recoñecidas</i>
620. Edificios e outras construcións	2.100.000,00	2.806.767,47	2.749.167,03
621. Edificios proxectos.	1.000.000,00	1.002.305,05	71.682,21
623. Infraestrutura de investigación	0,00	5.393.869,49	5.192.674,64
624. Maquinaria e ferramenta	0,00	0,00	164.664,04
626. Moblaxe e equipamento	1.484.000,00	2.129.532,34	2.059.004,22
640. Investigación xeral	1.209.000,00	18.163.020,59	14.417.455,08
641. Proxectos investigación	40.758.225,00	43.156.243,50	26.836.173,55
642. Contratos e convenios de investigación	8.660.200,00	20.520.140,35	10.818.411,84
643. Reunións científicas	0,00	453.822,22	299.625,22
645. Outro inmobiliizado material	0,00	41.745,00	41.745,00
<b>TOTAL</b>	<b>55.211.425,00</b>	<b>93.667.446,01</b>	<b>62.650.602,83</b>

No cadro seguinte pode apreciarse a evolución a nivel de concepto de gasto, das obrigas dos últimos exercicios.

Cadro 42. Evolución dos investimentos reais

Cód	Concepto económico	2014	2015	2016	2017	2018
62000	Edificios e outras construcións	3.895.501,95	2.669.439,98	2.584.201,56	2.233.577,77	2.749.167,03
62100	Edificios proxectos	69.238,01	93.040,97	175.014,41	453.781,93	71.682,21
62200	Edificios. Instalacións seguridade		93.808,06			
62300	Infraestrutura de investigación			308.024,38	1.841.780,78	5.192.674,64
62400	Maquinaria e ferramenta	104.327,10	12.172,80	14.258,75	19.355,50	164.664,04
62600	Moblaxe e equipamento	1.876.366,37	6.763.482,20	1.375.297,15	1.560.707,80	2.059.004,22
62700	Obras de arte	3.213,00				
64000	Investigación xeral	13.250.128,27	11.438.951,28	12.221.711,84	13.440.702,54	14.417.455,08
64100	Proxectos I+D+i	21.111.790,12	28.039.795,96	22.545.657,87	26.125.882,52	26.836.173,55
64200	Convenios e contratos de I+D+i	8.474.425,29	8.930.678,37	9.172.148,86	10.839.185,31	10.818.411,84
64300	Reunións científicas	277.493,73	357.981,67	389.863,63	245.229,58	299.625,22
64500	Outro inmobilizado material					41.745,00
	INVESTIMENTOS REAIS	49.062.483,84	58.399.351,29	48.786.178,45	56.760.203,73	62.650.602,83

## **CAPÍTULO IX. VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS**

As obrigas do capítulo IX “Variación de pasivos financeiros” representan amortizacíons realizadas de préstamos bancarios ou anticipos reembolsables recibidos para programas de infraestruturas de I+D no pasado. Desde 2015 tamén recollen reintegros ligados ao proceso de xustificación de axudas deste tipo.

Como observación salientable, as partidas do capítulo IX recollerían tamén amortizacíons en formalización de débeda, é dicir, conversión de anticipos a conta das axudas FEDER en subvencións, logo de xustificar as axudas e da comunicación oportuna do organismo finanziador.

Na memoria da conta anual infórmase moito máis extensamente destas operacíons e da débeda bruta (a débeda reflectida nas contas contables) e da neta (a que efectivamente hai que devolver) da USC.

Cadro 43. Amortizacíons de débeda

Concepto económico	2014	2015	2016	2017	2018
Amortización de préstamos bancarios	4.099.390,69	0,00	0,00	3.758.795,59	3.460.404,84
Devolución e reintegros anticipos I+D	2.959.511,68	1.971.200,21	3.771.690,42	7.865.282,17	929.767,81
<b>DÉBEDA TOTAL AMORTIZADA</b>	<b>7.058.902,37</b>	<b>1.971.200,21</b>	<b>3.771.690,42</b>	<b>11.624.077,76</b>	<b>4.390.172,65</b>

### **3. ACTIVIDADE DE I+D+i**

### 3.1. RECURSOS CAPTADOS POR ACTIVIDADES DE I+D

A modo de resumo, no cadro 44 que se mostra a continuación indícase a evolución global do número de actividades de I+D e das principais magnitudes económicas.

Cadro 44. Evolución actividade investigadora 2014-2018

	2014	2015	2016	2017	2018
Número de actividades vixentes	1.582	1.516	1.572	1.730	<b>1.874</b>
Crédito dotado no orzamento do exercicio	45.688.973	54.582.897	48.353.385	58.154.407	<b>60.383.642</b>
Dereitos recoñecidos no exercicio	44.648.645	56.994.551	56.325.326	50.910.628	<b>64.594.759</b>
Facturado no exercicio	8.770.694	9.471.202	9.644.571	10.783.178	<b>10.732.950</b>
Cobrado no exercicio sobre facturado exercicio	6.828.848	7.658.613	7.768.639	9.142.110	<b>9.301.177</b>

Os dereitos recoñecidos en 2018 por actividades con financiamento externo ascenderon a 64.594759 euros.

Como pode apreciarse, tanto o número de actividades singulares como os recursos captados en 2018 experimentaron un aumento considerable con respecto ao exercicio anterior (8,3% no número de actividades financiadas, e 26,87% no financiamento, expresado en termos de dereitos recoñecidos). Dado que estes datos poden experimentar variacións puntuais nun exercicio, por circunstancias case sempre alleas, é conveniente observar a tendencia nun período de tempo amplo, superior á duración media dos proxectos de investigación, que adoita ser de tres anos. Para calquera das variables consideradas na táboa anterior, a tendencia resulta sempre alcista.

Para estes efectos, consideramos como actividade de I+D calquera tipo de actuación singular, que teña como responsable un membro do PDI da Universidade, e teña un financiamento específico e unha duración no tempo determinada (proxectos competitivos de I+D, contratos con entidades externas para a realización de traballos científicos, informes, proxectos, etc, no ámbito da I+D+i).

No cadro da páxina seguinte infórmase máis polo miúdo dos recursos captados para financiar actividades de I+D+i, diferenciando estas pola súa tipoloxía, de acordo co rexistro da propria Universidade.

## Informe de xestión 2018

**Cadro 45. Actividades Vixentes, Recursos Captados, Dereitos Recoñecidos, Facturación e Cobros por Actividades de I+D**

